

- ESTUDIO  
SOCIODEMOGRÁFICO



INDICE	
<b>1. MARCO INTRODUCTORIO</b>	<b>2</b>
1.1. FONTES DE INFORMACIÓN EMPREGADAS.	2
1.2. UNIDADES XEOGRÁFICAS DE ANÁLISE.	2
<b>2. O ENSANCHE DA CIDADE</b>	<b>2</b>
<b>3. APARTADO SOCIODEMOGRÁFICO</b>	<b>3</b>
3.1. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA POBOACIÓN VIGUESA	3
<b>3.2. PESO RELATIVO E EVOLUCION RECENTE DA POBOACIÓN DO ENSANCHE</b>	<b>3</b>
3.3. ESTRUCTURA DA POBOACIÓN	4
3.4. PROCEDENCIA E MOBILIDADE RESIDENCIAL	5
3.5. INDICES E TAXAS	5
<b>4. CARACTERÍSTICAS DOS FOGARES E EDIFICIOS. O SECTOR DA VIVENDA</b>	<b>5</b>
4.1. ESTRUCTURA DOS FOGARES	5
4.1.1. TAMAÑO E DENSIDADE DOS FOGARES.	6
4.2. CARACTERÍSTICAS DOS EDIFICIOS E VIVENDAS.	6
4.2.2. TIPOS DE EDIFICIOS E LOCAIS.	6
4.2.3. TIPOS DE VIVENDAS	7
4.2.3.1. Vivendas baleiras e secundarias.	7
4.2.3.2. Vivendas colectivas e poboación que non vive en vivendas familiares.	8
4.2.4. ANTIGÜIDADE DA VIVENDA, DA EDIFICACIÓN E DA RESIDENCIA.	8
4.2.4.1. Estado das edificacións	8
4.2.5. SUPERFICIE, NÚMERO DE HABITACIÓNS E RESIDENTES DAS VIVENDAS PRINCIPAIS.	9
4.2.6. NÚMERO DE ANDARES.	9
4.2.7. RÉXIME DE PROPIEDAD DAS VIVENDAS PRINCIPAIS	10
4.3. TENDENCIAS DO SECTOR	10
4.4. PROBLEMAS VECIÑAIS	11
<b>5. APARTADO SOCIOECONÓMICO</b>	<b>11</b>
5.1. RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA.	11
5.2. NIVEL DE ESTUDOS	11
5.3. SITUACIÓN LABORAL DOS OCUPADOS	12
5.4. O SECTOR COMERCIAL	12
5.4.1. PRINCIPAIS ÁREAS OU ZONAS DE COMERCIO	12
5.4.2. ITINERARIOS E CARACTERÍSTICAS DOS DIFERENTES GRUPOS DE CLIENTES SEGUNDO A SÚA ORIXE	13
5.4.3. TENDENCIAS, FORTALEZAS E PROBLEMÁTICAS DO COMERCIO NA ZONA CENTRO DE VIGO	13
5.5. O SECTOR TURÍSTICO E HOTELEIRO	13
5.5.4. PESO RELATIVO DO SECTOR HOTELEIRO DO ENSANCHE NO CONTEXTO DE VIGO	14
5.6. PRESENZA E MOBILIDADE TURÍSTICA NO ENSANCHE	14
5.6.5. EVOLUCIÓN DO SECTOR: TENDENCIAS E POTENCIAL	15
5.6.6. PERSPECTIVAS DE FUTURO	17
<b>6. DESPRAZAMENTOS E MOBILIDADE</b>	<b>17</b>
6.1. LUGAR DE TRABALLO E LUGAR DE ESTUDOS	17
6.2. PEONALIZACIÓN E MEDIOS DE TRANSPORTE	18
6.2.1. PEONALIZACIÓN	19
6.3. TEMPOS DE DESPRAZAMENTO	19
6.4. GARAXES E PARKINGS.	20
6.4.1.1. O problema dos aparcamentos.	20
<b>7. APARTADO CONCLUSIVO</b>	<b>22</b>
7.1. A POBOACIÓN	22
7.2. ECONOMIA	22
7.3. EDIFICIOS E FOGARES	22
7.4. A VIVENDA	22
7.5. MOBILIDADE	22
<b>8. BIBLIOGRAFÍA</b>	<b>23</b>

## 1. MARCO INTRODUCTORIO

Establecer o marco de partida para a realización dun documento de traballo sobre o que sinalar as hipóteses, tendencias e características, que darán lugar o presente informe sobre o Plan Especial do Ensanche-Cidade Central de Vigo, implica coñecer -alén das propias características demográficas, económicas e sociais- o seu grao de homoxeneidade interno co gallo de tentar sinalar os feitos diferenciais desta parte da Cidade, que fan que se constituía como un espazo singular de Vigo e posuidor dunha dinámica interna propia e característica.

De igual xeito remarcar dende o principio o erro no que caeríamos, aproximándonos e tratando esta Zona Central como un organismo autónomo e desconexo do resto da Cidade, algo imposible de concibir dada precisamente a “centralidade icónica” que representa esta parte de Vigo, ó mesmo tempo que non sería rigoroso nin afortunado centrar a análise nunha sóa parte cando precisamente debemos tamén identificar a relación, encaixe e convivencia do Ensanche coa Cidade e da Cidade co Ensanche.

Dende un amplo e xenérico punto de vista xeral, a Zona Central-Ensanche de Vigo representaba en base ó Padrón de Habitantes do 2005 aproximadamente o 10% da poboación total de Vigo, así como segundo os datos do Censo do 2001 o 12% do total das vivendas, (20% das colectivas), o 6% do total de edificios así como o 30% do total dos locais (equipamentos, oficinas, comercios...), unhas características e peculiaridades que irán sendo desenvolvidas ó longo do presente informe.

### 1.1. FONTES DE INFORMACIÓN EMPREGADAS.

As principais ferramentas empregadas para a realización deste informe, foron os diferentes Padróns Municipais de Habitantes, o Censo de Poboación e Vivenda do ano 2001, cifras e datos províntes do IGE e INE. Ó igual que estudos e informes socioeconómicos realizados por diferentes entidades comerciais, asociativas e económicas da Cidade así como a correspondente información dispoñible na Rede, medios de comunicación impresos (prensa local), e bibliografía correspondente á realidade social, económica e demográfica de Vigo.

De igual xeito realizouse unha ampla laboura de recollida de datos primarios a través de entrevistas e cuestionarios a informadores clave e representantes do comercio, turismo e asociacionismo vigueses.

### 1.2. UNIDADES XEOGRÁFICAS DE ANÁLISE.

Respecto ás áreas de especial atención e interese para a redacción do presente traballo, empregamos o distrito e a sección censal como elementos clave a hora de identificar as correspondentes unidades xeográficas de análise necesarias para a realización de dito traballo.

Nesta liña, sinalar que os distritos e seccións escollidos para dar forma compacta e lexible ó conxunto urbano que conforma ó Ensanche-Cidade Central foron os seguintes:

-Distrito 1º, seccións: 4,5,6,10,11,12,13,14,15 e 16.

-Distrito 2º, seccións: 1,2,3,4,8,9,10,11,12,13 e 16.

-Distrito 3º, seccións: 4, 14 e 15.

## 2. O ENSANCHE DA CIDADE

No século XVIII tan só Compostela, Coruña e Ferrol superaban os 10.000 habitantes, nembargantes coa chegada da incipiente industrialización a Galiza, Vigo non tardaría en acadar e superar esa cifra de poboación.

A construción naval, a industria en xeral e o pulo experimentado polo sector pesqueiro e conserveiro inciden profundamente en Vigo e a súa relación co entorno urbano e costeiro. De feito a mediados do século XIX xa hai proxectos que permiten albiscar o inicio do futuro Ensanche da Cidade, como o chamado proxecto de “Nova Poboación”, baseado na idea de serrar un espazo urbano no barrio do Areal, gañando terreo o mar entre a Cidade histórica e Guixar.

Precisamente a primeira expansión da Cidade cara o leste, tra-lo derrubo das murallas planeábase seguindo as liñas marcadas entre a costa e o Castro, aínda que finalmente tan só se materializa o tramo entre a praza de Compostela e o mar, xurdíndo iso si, dous tramos ou estradas que marcarían profundamente a fisionomía desa parte de Vigo. Eran a estrada a Castilla, e o camiño de circunvalación cara o peirao e os depósitos comerciais da zona (actual Colón), de onde nacerían as rúas de Príncipe e Urzaiz, así como Policarpo Sáenz e Garcia Barbón respectivamente.

Atopámonos na década dos 60 do século XIX, cando vé a luz a lei de “ensanche das poboacións”, o momento en que a tamén incipiente burguesía e os sectores máis dinámicos, optan por instalarse nas zonas máis urbanas e poboadas, non tardando en exercer a súa influencia na arquitectura e no recén aparecida disciplina do planeamento.

A estrutura das cidades pretende ser o espello desa nova clase social: edificios suxerentes, amplas rúas e avenidas, arborado e servizos públicos, mentres que as clases traballadoras eran relegadas á periferia. É tamén a época na que se acentúan as diferencias físicas entre as cidades costeiras e as do interior.

Posteriormente, xa a comezos do século XX, consolídase a idea e o valor da centralidade urbana; ó mesmo tempo que moitos concellos limítrofes son absorbidos polas grandes urbes que non deixan de medrar, como son absorbidos tamén sen apenas oportunidade para a súa aplicación os plans do Ensanche de Ramiro Pascual (1907), Palacios (1932) ou Cominges (1937). Vigo medra, nin tan sequera a época autárquica e de miseria da posguerra deteñen o seu crecemento, sendo paradóxicamente testemuña o mesmo tempo, de cómo abandonan o País miles de homes e mulleres a través do seu porto cara a emigración.

Xa coa chegada dos 60, iniciase o período “desarrollista”, onde o planeamento vése superado polos fortes movementos migratorios rural-urbano; unha década máis tarde aprobouse definitivamente o Plan de Urbanismo

iniciado dez anos antes, pero atopándose cunha realidade que xa lle impide en moitos casos, ordear ou solucionar o inzamento tanto dos novidosos “polígonos de vivendas” da época, como de novos e improvisados ensanches.

### 3. APARTADO SOCIODEMOGRAFICO

#### 3.1. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA POBOACIÓN VIGUESA


Dende inicios do século XX o conxunto da poboación galega víña perdendo poboación respecto o total estatal, unha tendencia que se reafirma na década dos anos 20 e que practicamente continúa ata o fin desa década coa crise do ano 29. Unha crise da que o sector conserveiro galego e vigués tampouco logra escapar.

Posteriormente na década dos anos 30, a sangría demográfica cede en parte, rexistrándose incluso no caso do porto de Vigo, un número superior de desembarcados que de embarcados. Se a este dato sumámoslle o inzamento levado a cabo no Censo de 1940, entendemos o maior crecemento porcentual experimentado neste período respecto ó par de décadas anteriores.

	1900	1910	1920	1930	1940	1950
VIGO	23,259	41,213	53,1	65,012	85,272	137,873
PROVINCIA PONTEVEDRA	457,262	495,356	533,419	568,011	641,763	671,609
GALIZA	1.980.515	2.063.589	2.124.244	2.230.281	2.495.860	2.604.200

Fonte: INE, Censo 2001 e Padrón Habitantes 2005

Nembargantes, o fluxo emigratorio cara América rexurde de novo con forza tra-la II Guerra Mundial, o que non é impedimento para o aumento da poboación viguesa entre 1940 e 1950. Inmediatamente despois, a mediados do século, volve experimentarse certo estancamento no crecemento da poboación, o que non impide realizar certas reflexións interesantes ó respecto<sup>1</sup>.



Consulta

Así pois seguindo o fío argumental exposto por Xose M. Souto Glez. no seu estudo sobre a historia urbana de Vigo<sup>2</sup>, nese intre –década dos 50-, o 35% dos vigueses tiña nacido fóra do Concello, reducíndose esa cifra ó 34% nos anos 60. Dentro deste sector da poboación atopamos unha maioría de individuos desprazados dende outras provincias distintas á de Pontevedra, polo que deducimos que Vigo nese período de tempo aínda non resulta o suficientemente atractivo como lugar de residencia para un bo número de veciños dos concellos limítrofes. É o importante número de mulleres chegadas a zona centro da Cidade as que fan que este proceso migratorio se defina como feminizado, moi posiblemente pola demanda de mulleres no sector servizos.

	1960	1970	1981	1991	2001	2005
VIGO	144,914	197,144	258,724	276,109	278,505	293,725
PROVINCIA PONTEVEDRA	680,229	750,701	859,897	896,847	903,759	938,311
GALIZA	2.602.962	2.583.674	2.753.836	2.731.669	2.695.880	2.762.198

Fonte: INE, Censo 2001 e Padrón Habitantes 2005

Nos anos 70, cando prodúcese a verdadeira atracción cara Vigo como foco de traballo e residencia, dándose uns fluxos migratorios marcados por unha características idóneas para a reprodución, un factor –que xunto outros fenómenos- incidiría fortemente no “boom” demográfico comprendido entre 1980 e 1990; período tra-lo que se experimenta o importante baixada da natalidade, que coa entrada do novo século empeza a recuperarse en parte no momento en que os membros da xeración do “baby boom” comezan a ser pais e nais.

#### 3.2. PESO RELATIVO E EVOLUCION RECENTE DA POBOACIÓN DO ENSANCHE

Segundo a nosa selección das seccións censais que constitúen a zona do Ensanche de Vigo, a poboación alí empadroada no 2005 rolda os 29.000 habitantes, representando o 9,9% da poboación total de Vigo. Pola súa evolución demográfica recente, sabemos que **a zona do Ensanche mantén seu dinamismo como zona residencial de Vigo.**

De feito, relacionando a cifra do Padrón do 2005 coa contabilidade da poboación do Censo de 2001, a poboación do Ensanche medrou nun 6,5%, un punto porcentual por enriba do crecemento rexistrado para o total da Cidade.

POB. VIGO 2001	POB. ENSANCHE 2001	POB. VIGO 2005	POB. ENSANCHE 2005	CRECIMENTO PORCENTUAL 2001-05 (VIGO)	CRECIMENTO PORCENTUAL 2001-05 (ENSANCHE)	CRECIMENTO PORCENTUAL ANUAL (VIGO)	CRECIMENTO PORCENTUAL ANUAL (ENSANCHE)
278.505	27.437	293.725	29.219	5,4%	6,5%	1,3%	1,6%

Fonte: INE, Censo 2001 e Padrón Habitantes 2005


<sup>2</sup> -SOUTO GLEZ, Xosé Manuel. Vigo: cen anos de historia urbana (1898-1998). Xerais-Universitaria.

De igual xeito, ningunha sección censal do Ensanche perdeu poboación durante este período, aínda que no total de Vigo, 32 seccións censais amosan un crecemento negativo entre 2001 e 2005. En xeral, o conxunto da zona do Ensanche amósase suficientemente homoxéneo a este respecto. Agás o incremento positivo excesivo dunha soa sección censal (a 14 do distrito 1), o 50% dos casos tivo un aumento porcentual de entre 6 e 14%, e o outro 50% mantense en positivo, por debaixo da mediana. En cambio, a mediana en crecemento porcentual para o total de Vigo, excluindo as seccións do Ensanche, é de 3,8%.

### 3.3. ESTRUCTURA DA POBOACIÓN

A poboación residente na zona do Ensanche é unha poboación máis avellentada que a do conxunto da Cidade. No 2005, a idade media da Cidade estaba nos 41 anos, mentres que no Ensanche ascendía a 43.

Como se pode apreciar na comparación das pirámides de idades, no Ensanche están máis representadas as mulleres a partires dos 60 anos, e ambos sexos a partires dos 75. En cambio, o peso relativo da poboación entre 10 e 59 anos é menor en case tódolos grupos de idade. En consecuencia, o índice demográfico de dependencia é considerabelmente máis elevado no Ensanche. Así, mentres que no total de Vigo, por cada 100 persoas en idade de traballar hai 40,5 en idades dependentes, no Ensanche son 46,8 por cada 100.



Aínda así, máis dun terzo da poboación do Ensanche está constituída por adultos xóvenes, e a poboación infantil non está especialmente infra-representada, en comparación co resto da Cidade.

	Vigo-2005		Ensanche-2005	
	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe
Maiores de 64	47207	16,1	5765	19,7
Menores de 15	37423	12,7	3556	12,2
De 15 a 39	111901	38,1	10477	35,9
De 40 a 64	97194	33,1	9421	32,2
<b>TOTAL</b>	<b>293725</b>	<b>100</b>	<b>29219</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Padrón Municipal de Habitantes, 2005

Por outra parte, si ben as diferencias internas no grao de avellentamento dentro do Ensanche son importantes, os valores mínimos da porcentaxe de maiores de 64 por sección censal representan o duplo que os mínimos de Vigo.

Dentro dunha mesma Cidade pódense identificar zonas que atraen ou reteñen en maior medida unidades familiares de recente consolidación con descendencia xoven, poboación solteira traballadora, ou ben unidades familiares avellentadas. A sobrerrepresentación de determinados grupos de idade e dun sexo sobre outro, son indicadores destas tendencias. Neste senso, cabe mencionar que a poboación empadroada no Ensanche no 2005, amosase relativamente feminizada, non parecendo que isto responda unicamente o seu carácter avellentado. Como pode apreciarse no gráfico que recolle a razón de masculinidade por cada grupo de idade do Ensanche e do total de Vigo, as mulleres superan os homes a partir dos 30 anos en ambos casos; e tamén a partir dese grupo de idade, a desproporción de mulleres sobre homes no Ensanche é sempre superior ó conxunto vigués.

Para explorar as causas da feminización da poboación do Ensanche, examinamos a distribución da poboación residente maior de 19 anos segundo seu estado civil, e comprobamos que a sobre-representación de mulleres dáse tanto entre viuvos como entre solteiros adultos. Así, en Vigo hai 103 varóns solteiros por cada 100 mulleres solteiras de idades superiores ós 19, mentres que no Ensanche non chega ós 91 por cada 100.

**En comparación co conxunto da Cidade, o Ensanche é unha zona residencial especialmente apta para mulleres viúvas e solteiras. Asemade, cabe sinalar que, se ben tanto en Vigo como no Ensanche a poboación que traballa está claramente masculinizada, o peso relativo das mulleres é superior ó conxunto na nosa zona de estudo. En Vigo, o 41,5% da poboación ocupada é feminina; no Ensanche, sube ó 46,2%.** Nembargantes, hai que recoñecer as diferencias internas importantes da zona do Ensanche respecto a este parámetro.

Distribución da poboación de 20 e máis por estado civil	Vigo			Ensanche		
	Número	%	% mulleres	Número	%	% mulleres
Solteiros	70364	31,2	49,2	7844	34,4	52,4
Casados	126420	56,1	50,3	11438	50,1	50,3
Viuvos	18442	8,2	85,3	2335	10,2	88,9
Separados e divorciados	10144	4,5	63,5	1194	5,2	62,8

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

### 3.4. PROCEDENCIA E MOBILIDADE RESIDENCIAL

A 1 de xaneiro do 2005, os empadroados en Vigo son de nacionalidade española por abrumadora maioría – un 96% do total-. **Na zona do Ensanche a presenza de estranxeiros é lixeiramente máis elevada, que no resto da Cidade**, con dous puntos porcentuais.

Asemade, a distribución da poboación estranxeira que reside no Ensanche segundo o continente de nacionalidade é moi similar á do total de Vigo (maioría de sudamericanos, seguidos por europeos, e menos do 10% de africanos e asiáticos). En todo caso, observase certa sobrerepresentación da poboación asiática no Ensanche: o 24% dos asiáticos empadroados na Cidade residen no Ensanche; o que seguramente responde, en boa medida, á coñecida relación coas actividades empresariais da poboación de orixe asiático.

	Vigo		Ensanche	
	Número	%	Número	%
Española	282154	96,1	27390	93,7
Estranxeira	11571	3,9	1829	6,3
<b>TOTAL</b>	<b>293725</b>	<b>100</b>	<b>29219</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Padrón Municipal de Habitantes, 2005

Nembargantes, hai que recoñecer que a escasa diferenza en porcentaxe de estranxeiros responde en boa medida á existencia de seccións censais con valores extremos que sóben a media do total de Vigo. En realidade, o 75% das seccións censais do Ensanche ten valores porcentuais que só acadan o 25% do resto das seccións censais da Cidade.

Outra cousa é a distribución da poboación segundo lugar de nacemento. **A poboación nada fóra de Vigo (noutros concellos ou no estranxeiro) é case 8 puntos porcentuais superior no Ensanche**. A diferenza é maior respecto ós nados noutra Comunidade Autónoma, aínda que apenas representen o 10% dos empadroados. En todo caso, esta distribución reflicte **un mercado da vivenda dirixido, en boa medida, á demanda dos que chegan de fóra da Cidade**.

	Vigo		Ensanche	
	Número	%	Número	%
Lugar de nacemento				
Distinto concello mesma provincia	35758	12,2	3404	11,6
Distinta provincia en Galicia	40206	13,7	4618	15,8
Distinta C.A.	18896	6,4	2903	9,9
Estranxeiro	23381	8,0	3040	10,4
<b>Total nados noutro concello ou no estranxeiro</b>	<b>118241</b>	<b>40,3</b>	<b>13965</b>	<b>47,8</b>

Fonte: INE, Padrón Municipal de Habitantes, 2005

### 3.5. INDICES E TAXAS

As presentes táboas non fan máis que representar, aínda que con maior detalle, a situación demográfica existente e xa sinalada anteriormente: o maior avellentamento da poboación residente no Ensanche.

% XÓVENES (VIGO)	% XÓVENES (ENSANCHE)	% POB. PRÓXIMA IDADE XUBILACI. (VIGO)	% POB. PRÓXIMA IDADE XUBILACI. (ENSANCHE)	PESO 3ª IDADE (VIGO)	PESO 3ª IDADE (ENSANCHE)
12,7%	12,4%	5,4%	5,3%	16,4%	19,7%

Fonte: INE, Padrón Municipal de Habitantes, 2006

Así pois, segundo o Padrón de Habitantes do 2006, si ben non atopamos diferenzas considerables entre as cifras de datos correspondentes ós xóvenes e o colectivo de persoas próximas a idade de xubilación, as distancias porcentuais entre o Ensanche e o resto da Cidade comezan a facerse notar nembargantes a medida que a análise se centra no colectivo dos maiores de 65 anos.

RELACIÓN DEPENDENCIA (VIGO)	RELACIÓN DEPENDENCIA (ENSANCHE)	ÍNDICE XUVENTUDE (VIGO)	ÍNDICE XUVENTUDE (ENSANCHE)	ÍNDICE VELLEZ (VIGO)	ÍNDICE VELLEZ (ENSANCHE)
41,2%	47,4%	17,9%	18,2%	23,2%	29,1%

Fonte: INE, Padrón Municipal de Habitantes, 2006

Nesta líña, resulta significativo a relación de dependencia, unha taxa que mide a relación existente entre os individuos en idade laboralmente activa e os máis anciáns, sendo moito máis elevada no Ensanche que en Vigo, o que se traduce en que por cada 100 activos, atopamos 47 persoas maiores de 65 anos.

## 4. CARACTERÍSTICAS DOS FOGARES E EDIFICIOS. O SECTOR DA VIVENDA

### 4.1. ESTRUCTURA DOS FOGARES

Os datos do Censo de 2001 sobre a distribución da poboación por tipos de fogares desvelan que apenas o 17,5% da poboación de Vigo e o 16,6% da poboación do Ensanche reside nunha familia nuclear “típica”: conformada por dous adultos en convivencia cun menor de idade. Como se aprecia na seguinte táboa, o tipo de unidade residencial maioritaria implica a convivencia, en ambos casos, de alo menos tres adultos de 35 e máis anos, con ou sen menores de idade.

En todo caso, a zona do Ensanche destaca lixeiramente pola escaseza do que poderían ser familias nucleares “maduras”, con fillos maiores de idade, e pola abundancia de parellas maiores. Aínda así, as familias con fillos adultos representan o 25% dos fogares do Ensanche.

	Vigo		Ensanche	
	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe
Unipersoais de 16 a 64 anos	9642	3,5	1466	5,3
Dous adultos de 16 a 64, sen menores	20180	7,2	2182	8,0
Dous adultos e un menor	48807	17,5	4557	16,6
Monoparentais con menores	5414	1,9	558	2,0
Dous adultos de 35 e máis, un ou dous de 16 a 34 e un menor	27730	10,0	2115	7,7
Dous adultos de 35 e máis, un ou dous de 16 a 34 sen menores	57457	20,6	4798	17,5
Outro fogar de tres ou máis adultos, con ou sen menores	82566	29,6	7734	28,2
Dous adultos (un de 65 ou máis), sen menores	19214	6,9	2764	10,1
Unipersoais de 65 e máis	7495	2,7	1263	4,6
<b>TOTAL</b>	<b>278505</b>	<b>100</b>	<b>27437</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Por outra banda, a categoría de fogar unipersoal con residentes de polo menos 65 anos de idade merece unha atención especial, porque refire ó potencial máis probábel de vivenda desocupada a curto ou medio prazo. Ademais, xunto cos unipersoais de adultos menores de 65 anos, reflicten a escasa densidade media das vivendas familiares do Ensanche.

#### 4.1.1. TAMAÑO E DENSIDADE DOS FOGARES.

Para poder avaliar o peso relativo da poboación do Ensanche con respecto outros aspectos, como o número de vivendas ou de edificios, temos que retroceder ó ano 2001, para facer uso da información recollida polo último Censo de Poboación e Vivenda. Daquela, as vivendas familiares contabilizadas na zona do Ensanche sumaban 15.180 unidades representando o 12,4% do total de Vigo. En 2001, a poboación censada no Ensanche representaba igualmente o 9,9% do total da Cidade.

A diferenza entre a porcentaxe da poboación e de vivendas que representa o Ensanche respecto o total da Cidade, da conta dunha **maior concentración de vivendas** na nosa zona de estudio; o que tamén refire unha menor densidade potencial. Así pois, de repartir poboación por vivendas dispoñibles, en Vigo sería de 2,3 a 2,4 residentes por vivenda, segundo escollamos a poboación do 2001 ou de 2005 respectivamente; mentres que no Ensanche é de 1,8.

De considerar só as vivendas familiares principais, excluindo as vivendas baleiras, as segundas vivendas e as doutro tipo, a concentración na zona do Ensanche redúcese ó 11%, e a densidade por vivenda aumenta ata 2,6, en contraste coa cifra de 3 habitantes por vivenda ocupada no total de Vigo en calquera das dúas datas. De xeito que **a densidade de habitantes por vivenda no Ensanche é inferior a do conxunto de Vigo, tanto ó ter en conta o total de vivendas familiares como tan só as ocupadas.**

A relativa homoxeneidade da zona do Ensanche respecto á baixa densidade de habitantes por vivenda familiar é tamén evidente, cunha densidade máxima de 2,4 e unha mínima de 1,3. Ata o 90% das seccións censais do Ensanche teñen unha densidade menor á mediana do conxunto de Vigo (descontando as seccións do Ensanche). De feito, os valores máximos da zona do Ensanche distáncianse por moito dos máximos do total vigués.

Poboación segundo tamaño de fogares	Vigo		Ensanche	
	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe
Fogares unipersoais	17137	6,2	2729	9,9
Fogares de 2	42408	15,2	5250	19,1
Fogares de 3	63918	23,0	5847	21,3
Fogares de 4	83788	30,1	7584	27,6
Fogares de 5 e máis	71254	25,6	6027	22,0
<b>TOTAL</b>	<b>278505</b>	<b>100</b>	<b>27437</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Nembargantes, ó considerar a distribución da poboación segundo o tamaño dos fogares, a meirande parte da poboación viguesa, o 53%, reside en fogares de 3 e 4 persoas; aínda que no Ensanche só acadan o 49%. Como se pode apreciar pola seguinte táboa, a zona do Ensanche **destaca especialmente pola presenza de fogares dunha e dúas persoas, e pola escaseza dos fogares máis numerosos.** De feito, o 16% dos residentes en fogares unipersoais contabilizados en Vigo a 2001 atópanse no Ensanche.

Tamaño de fogares	Vigo		Ensanche	
	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe
Fogares unipersoais	17137	18,3	2729	26,5
Fogares de 2	21204	22,7	2625	25,5
Fogares de 3	21306	22,8	1949	18,9
Fogares de 4	20947	22,4	1896	18,4
Fogares de 5 e máis	12831	13,7	1091	10,6
<b>TOTAL</b>	<b>93425</b>	<b>100</b>	<b>10290</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Todas as seccións censais do Ensanche teñen porcentaxes de residentes en fogares unipersoais que os sitúan no cuartil superior para o total de Vigo. A máis pequena do Ensanche acada un 7,4%; mentres que o 75% das seccións de Vigo, excluindo as do Ensanche, sitúanse por debaixo do 7%.

## 4.2. CARACTERÍSTICAS DOS EDIFICIOS E VIVENDAS.

### 4.2.2. TIPOS DE EDIFICIOS E LOCAIS.

So o 6,3% dos edificios contabilizados en Vigo ubícanse no Ensanche. Nembargantes, isto débese principalmente á escaseza relativa de edificios destinados so a vivendas familiares. É importante ter en conta que boa parte dos edificios de vivendas colectivas (20,9%) e dos destinados principalmente a locais comerciais (23,7%) ubícanse no Ensanche. De feito, **o Ensanche caracterízase pola mestura de funcións**. Así, a diferenza do conxunto de Vigo, na zona do Ensanche predominan os edificios destinados a vivenda que albergan tamén locais comerciais.

Tipos de edificios	Vigo		Ensanche	
	Número	%	Número	%
Edificios principalmente con vivendas colectivas	67	0,2	14	0,7
Edificios principalmente con locais	1387	4,1	329	15,5
Edificio só cunha vivenda familiar	19681	58,3	211	10,0
Edificio só con varias vivendas familiares	7409	21,9	387	18,3
Edificios principalmente con vivendas familiares compartido con locais	5205	15,4	1176	55,6
Aloxamentos	6	0,0	0	0,0
<b>TOTAL</b>	<b>33755</b>	<b>100</b>	<b>2117</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Hai seccións censais do Ensanche nas que estes edificios mixtos apenas representan un cuarto do total dos edificios, e outras nas que son practicamente hexemónicos. En concreto, a cifra flutúa entre o 25,6% e o 96,7% por sección censal. Innda así, o 55% das restantes seccións censais da Cidade ten valores por debaixo dos mínimos do Ensanche.

Só o 5,5% das edificacións destinadas principalmente a vivendas familiares da Cidade de Vigo ubicábanse no Ensanche (case 1800 edificios dun total de pouco máis de 32300). Tendo en conta a diferenza respecto á concentración de poboación residente e de vivendas principais, podemos dicir xa que a edificación do Ensanche destaca pola alta densidade de vivendas por edificio. No total de Vigo toca a 3,8 vivendas familiares por edificio; mentres que no Ensanche a 8,5. Como é natural, estas diferenzas remiten, en boa medida, á presenza de vivendas unifamiliares. Se eliminamos do cálculo as vivendas e os edificios unifamiliares, a diferenza en densidades minimízase. En Vigo, toca a 8,1 vivendas por edificio; no Ensanche 9,4.

A centralidade da zona do Ensanche manifestase especialmente a través da contabilidade dos locais públicos e comerciais. Dos 15167 locais contabilizados en Vigo en 2001, o 30,8% atópanse no Ensanche. Desglosados por categorías, podemos ver que no Ensanche concéntranse boa parte de case tódolos tipos de locais identificados, exceptuando os de uso industrial e agrario.

Tipos de locais	Vigo	Ensanche	Concentración
Equipamentos de saúde (ambulatorio, centro de saúde, hospital...)	379	117	30,9

Equipamentos educativos (colexio, facultade, gardería, escola...)	291	67	23,0
Equipamentos de benestar social (clubs de anciáns, centro de servizos sociais, centro de día...)	126	33	26,2
Equipamentos culturais ou deportivos (teatro, cine, museo, sala de exposicións, polideportivo...)	114	42	36,8
Local comercial	7680	1827	23,8
Oficinas (inclúe tamén o resto dos servizos)	3511	1698	48,4
Local industrial	441	33	7,5
Local agrario	22	1	4,5
Non é aplicable	2603	853	32,8
<b>TOTAL</b>	<b>15167</b>	<b>4671</b>	<b>30,8</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Por outra parte, en Vigo, a maioría destes locais son comerciais (50,6%) e de oficinas (39,1%); pero no Ensanche destacan especialmente as oficinas sobre os locais comerciais (23,1% vs. 36,4%).

#### 4.2.3. TIPOS DE VIVENDAS

##### 4.2.3.1. VIVENDAS BALEIRAS E SECUNDARIAS.

A zona do Ensanche destaca considerablemente pola súa concentración de vivendas baleiras e secundarias. Alí localízanse o 17% e o 17,2%, respectivamente, do total de Vigo. **Na Cidade, o 14,6% e 8,5% das vivendas familiares están baleiras, ou ben son vivendas secundarias. No Ensanche, representan o 20% e o 11,9% do "stock" de vivendas contabilizadas no 2001.** En consecuencia como vemos na seguinte táboa, refléxase unha diferenza porcentual moi marcada respecto o peso das vivendas principais.

	Vigo		Ensanche	
	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe
Vivendas principais	93419	76,2	10290	67,8
Vivendas secundarias	10459	8,5	1804	11,9
Vivendas baleiras	17846	14,6	3035	20,0
Outro tipo	814	0,7	51	0,3
<b>TOTAL</b>	<b>122538</b>	<b>100</b>	<b>15180</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Por outra banda, tanto no conxunto da Cidade como na zona do Ensanche, hai diferenzas moi marcadas por sección censal respecto á porcentaxe de vivendas secundarias, e máis aínda respecto á porcentaxe de vivendas baleiras. En Vigo hai poucas seccións censais que superan o 20% de vivendas secundarias ou o 40% de

vivendas non ocupadas. Os máximos do Ensanche fican lonxe destas cifras, pero si poden superar por moito seus valores mínimos, con rangos que van dende 16 puntos porcentuais no referente ás secundarias, ata 28,5 puntos porcentuais no peso das valeiras. En todo caso, tanto no relativo ó peso das segundas vivendas como baleiras, os valores mínimos do Ensanche superan amplamente os mínimos do conxunto vigués.

Resulta interesante tamén, sinalar que na Cidade de Vigo observase certa segregación respecto ás vivendas secundarias e non ocupadas, que a súa vez non coinciden nas mesmas seccións. Isto implica -con índices de disimilaridade do 29% e 24% respectivamente- as seccións cunha meirande concentración de vivendas secundarias, sen ser estas as que máis vivendas baleiras concentran en Vigo. Hai seccións máis especializadas nun e outro tipo. De feito, aínda que a correlación non é estatisticamente significativa, si resulta, en todo caso, negativa – onde hai máis representación dun tipo, adoita haber menos doutro-. A particularidade do Ensanche, neste senso, ven da man da súa elevada concentración tanto de vivendas secundarias como de vivendas non ocupadas.

4.2.3.2. VIVENDAS COLECTIVAS E POBOACIÓN QUE NON VIVE EN VIVENDAS FAMILIARES.

O Censo de Poboación e Vivenda de 2001 recolle tamén información sobre vivendas colectivas, non destinadas á residencia de unidades familiares. Boa parte delas, o 21,6%, atópanse no Ensanche. De igual xeito, o 21% das edificacións de Vigo destinadas principalmente a vivendas colectivas, localízanse no Ensanche (14 de 67).

Desglosando por tipo de vivenda colectiva, temos que, no 2001, 5 dos 18 hoteis e pensións contabilizados na Cidade, ubícanse no Ensanche, o que representa un 27,8% dos mesmos (máis adiante veremos que as cifras relativas ós hoteis son máis elevadas, ó empregar fontes diferentes ó Censo de poboación e Vivendas). Ademais, o 42,9% das institucións relixiosas que funcionan como vivenda colectiva en Vigo, están no Ensanche (6 de 14), así como 1 das 4 residencias de estudantes e 3 das 14 institucións de asistencia social. En cambio, non se contabilizaron na zona asilos ni residencias de anciáns. **A elevada concentración dos tipos de vivendas colectivas presentes no Ensanche é un reflexo da centralidade da zona.**

Tipos de vivendas colectivas	Vigo		Ensanche	
	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe
Hoteis e pensións	18	24,3	5	31,3
Colexios maiores e residencias de estudantes	4	5,4	1	6,3
Hospitais de longa estancia	4	5,4	0	0,0
Asilos e residencias de anciáns	10	13,5	0	0,0
Outras institucións de asistencia social	14	18,9	3	18,8
Institucións relixiosas	14	18,9	6	37,5
Outros tipos	10	13,5	1	6,3
<b>TOTAL</b>	<b>74</b>	<b>100,0</b>	<b>16</b>	<b>100,0</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Nembargantes, a meirande parte destas residencias colectivas albergan pouca poboación: no 64,9% das vivendas colectivas da Cidade e no 87,5% das do Ensanche, viven menos de 15 persoas. Na zona do Ensanche, non hai ningunha residencia colectiva de máis de 25 residentes.

4.2.4. ANTIGÜIDADE DA VIVENDA, DA EDIFICACIÓN E DA RESIDENCIA.

O 27% do stock de vivendas familiares contabilizadas en Vigo en 2001 foi construído na década dos 70, pero na zona do Ensanche esta categoría redúcese en 10 puntos porcentuais. **O conxunto das vivendas do Ensanche ten unha antigüidade considerablemente superior ó conxunto da Cidade.** A porcentaxe de vivendas construídas en tódalas décadas previas a 1971 é sempre superior no Ensanche.

Ano de construción das vivendas familiares	Vigo		Ensanche	
	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe
Antes de 1900	2661	2,2	552	3,6
De 1901 a 1920	2907	2,4	745	4,9
De 1921 a 1940	5359	4,4	849	5,6
De 1941 a 1950	7477	6,1	1423	9,4
De 1951 a 1960	13096	10,7	1949	12,8
De 1961 a 1970	23074	18,8	3162	20,8
De 1971 a 1980	33044	27,0	2584	17,0
De 1981 a 1990	16542	13,5	1842	12,1
De 1991 a 2001	17835	14,6	1735	11,4
<b>TOTAL</b>	<b>121995</b>	<b>99,6</b>	<b>14841</b>	<b>97,8</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Como era de agardar, dada a evolución histórica de Vigo como Cidade, a ubicación das vivendas de maior antigüidade están altamente segregadas, cun índice de disimilaridade do 61% no caso das construídas antes de 1900, e de 57% para as construídas entre 1900 e 1920. A zona do Ensanche concentra boa parte destas edificacións. Alberga o 23,3% das vivendas construídas antes de 1921 e o 17,7% das construídas nas décadas dos 20, 30 e 40. Por outra parte, as diferencias por sección censal son importantes tamén dentro do Ensanche. En realidade, so o 25% das seccións da zona teñen unha porcentaxe superior o 10% de vivendas construídas antes de 1921. No 50% das seccións do Ensanche, apenas representan un 3,5% do total.

4.2.4.1. ESTADO DAS EDIFICACIÓNS

Así pois, con todo isto, non é de estrañar que **a antigüidade da edificación se reflicte no estado de conservación da mesma.** Segundo a información recollida polos axentes censais respecto ó total de edificios destinados principalmente a vivendas en 2001, a zona do Ensanche destaca por albergar unha porcentaxe maior de edificios ruinosos, en mal estado, ou en estado deficiente.

Vigo	Ensanche
------	----------

Estado dos edificios	Número	%	Número	%
Ruinoso	463	1,4	48	2,7
Malo	1019	3,1	149	8,3
Deficiente	3300	10,2	280	15,7
Bo	27580	85,2	1311	73,3
<b>TOTAL</b>	<b>32362</b>	<b>100</b>	<b>1788</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

#### 4.2.5. SUPERFICIE, NÚMERO DE HABITACIÓNS E RESIDENTES DAS VIVENDAS PRINCIPAIS.

Un terzo das vivendas de Vigo contabilizadas en 2001 teñen unha extensión de entre 76 e 90 metros cadrados, aínda que no Ensanche estas apenas representan un cuarto do stock. En cambio, o 51,8% das vivendas principais do Ensanche teñen unha superficie superior ós 90 metros cadrados, 13 puntos máis que no conxunto de Vigo. En xeral, **as vivendas do Ensanche son dunha superficie maior á media do conxunto da Cidade**. O noso cálculo aproximado da extensión media das vivendas principais é de 89 metros cadrados para Vigo e de 98 metros cadrados para o Ensanche.

Superficie das vivendas principais	Vigo		Ensanche	
	Número	%	Número	%
Ata 45 m2	2975	3,2	407	4,0
46-60 m2	8349	8,9	792	7,7
61-75 m2	14764	15,8	1109	10,8
76-90 m2	31389	33,6	2652	25,8
91-105 m2	19073	20,4	2176	21,1
Máis de 105 m2	16869	18,1	3154	30,7
<b>TOTAL</b>	<b>93419</b>	<b>100,0</b>	<b>10290</b>	<b>100,0</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Hai algunhas seccións censais do Ensanche onde a porcentaxe de vivendas principais de máis de 90 metros cadrados non supera o 40%, e outras nas que acada o 70%. Pero malia esta variedade, o 100% das seccións que comprenden o Ensanche teñen valores a este respecto que so alcanzan o 45% das restantes seccións censais de Vigo.

Por en relación a contabilidade dos residentes segundo o tamaño das súas vivendas co número desas vivendas pola súa superficie, constatamos que **a densidade media das vivendas situadas no Ensanche é sempre inferior á do conxunto da Cidade**.

Residentes por vivenda	Vigo	Ensanche
Ata 45 m2	2,0	1,6
46-60 m2	2,4	1,9
61-75 m2	2,7	2,2
76-90 m2	3,0	2,6
91-105 m2	3,2	2,8
Máis de 105 m2	3,4	3,1

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001 e elaboración propia

En concordancia cos datos sobre superficie, tamén destaca a zona do Ensanche por un parque de vivendas principais con maior número de habitacións. Só o 9,4% das vivendas ocupadas de Vigo teñen máis de seis habitacións, o que no Ensanche alcanza o 18%. De feito, o 21% das vivendas de Vigo con sete ou máis habitacións, sitúanse na zona do Ensanche. Por outra parte, tamén é certo que a presenza de vivendas de menos de catro habitacións no Ensanche é lixeiramente maior que no total da cidade. Non obstante, tamén tendo en conta o número de habitacións, as densidades no Ensanche mantéñense sempre por debaixo das totais.

Nº habitacións das vivendas principais	Vigo		Ensanche	
	Número	%	Número	%
Ata 3 habitacións	9511	10,2	1231	12,0
4 habitacións	18895	20,2	1964	19,1
5 habitacións	36233	38,8	2894	28,1
6 habitacións	19976	21,4	2341	22,8
7 ou máis habitacións	8804	9,4	1860	18,1
<b>TOTAL</b>	<b>93419</b>	<b>100</b>	<b>10290</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

#### 4.2.6. NÚMERO DE ANDARES.

Catro de cada dez vigoeses habitan en vivendas de entre un e dous andares, dous de cada dez en vivendas con tres e catro alturas, mentres que o grupo restante fano en edificios de cinco ou máis andares. Deste colectivo, que abrangue o 40% da poboación total de Vigo, vemos que a meirande parte do mesmo (17%) habita en domicilios cunhas alturas comprendidas entre cinco e seis andares, seguidos a continuación por aquelas persoas que o fan en fogares con sete e oito alturas (10,7%). Por último, cunha porcentaxe reducida a metade ,respecto a anterior, co 5,9% atoparíamos os veciños de Vigo que habitan en vivendas de nove, dez ou máis andares.

Altura das vivendas	Vigo		Ensanche	
	Número	%	Número	%
Altura 1	79237	28,54	1266	4,62
Altura 2	41259	14,86	3753	13,70
Altura 3	32717	11,78	4548	16,60
Altura 4	29561	10,65	4486	16,38
Altura 5	25978	9,36	3836	14,01
Altura 6	21921	7,90	3269	11,94
Altura 7	17395	6,27	2546	9,30
Altura 8	12770	4,60	1723	6,29
Altura 9	7358	2,65	1026	3,75
Altura 10	9446	3,40	937	3,42
<b>TOTAL</b>	<b>277642</b>	<b>100</b>	<b>27390</b>	<b>100</b>

Fonte: Censo de poboación e vivenda 2001 e elaboración propia.

Nembargantes, a realidade existente no Ensanche a este respecto, é realmente diferente, xa que por exemplo: se

catro de cada dez vigueses residen en vivendas cunha ou dúas plantas, os veciños do Ensanche que o fan en vivendas destas características non chegan a acadar nin a proporción de dous de cada dez, xa que tan só o 1,8% dos mesmos habitan neste tipo de vivenda. De feito, **a meirande parte da poboación do Ensanche (32,8%) reside en fogares cun número de alturas comprendidas entre catro e cinco.**

En segundo lugar situaríase ó 25,8% dos residentes desta zona, os cuais habitan en fogares con cinco ou seis andares, seguidos das persoas que o fan en vivendas con sete e e oito alturas; por último situaríanse os veciños do Ensanche residentes en fogares de nove ou máis plantas.

#### 4.2.7. RÉXIME DE PROPIEDAD DAS VIVENDAS PRINCIPAIS

Tanto en Vigo como na zona do Ensanche, a maioría das vivendas principais son ocupadas en réxime de propiedade; pero no Ensanche, a porcentaxe é 10 puntos menor que no total da Cidade debido o maior peso das vivendas en réxime de aluguer.

En Vigo, a vivenda en aluguer tende á segregación por sección censal, cun índice de disimilaridade de 28%; e o **Ensanche é unha das principais zonas de provisión de vivenda en aluguer.** De maneira que a centralidade do Ensanche manifestase tamén na oferta de vivendas para estancias temporais. Ata o 18% das vivendas en aluguer contabilizadas en Vigo en 2001, se situaban na zona do Ensanche.

	Vigo		Ensanche	
	Número	%	Número	%
Réxime de propiedade de vivendas principais				
En propiedade	67236	72,0	6417	62,4
En aluguer	18086	19,4	3279	31,9
Cedida gratis ou a baixo prezo por outro fogar, a empresa..	2588	2,8	269	2,6
Outra forma	5509	5,9	325	3,2
<b>TOTAL</b>	<b>93419</b>	<b>100</b>	<b>10290</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Hai dúas seccións do Ensanche en que a vivenda en aluguer é excepcionalmente alta (as seccións 12 e 11 do Distrito 2, con porcentaxes de 66,7 e 51,8, estatisticamente outliers), inda que o resto varía entre o 16% e o 46%. Pero o 100% das seccións do Ensanche ten porcentaxes de vivenda en aluguer que so alcanza o 56% das restantes seccións censais de Vigo.

Por outra parte, as densidades no Ensanche seguen manténdose máis baixas en tódolos casos en relación a ocupación segundo rexime de tenencia; de igual xeito como no conxunto da Cidade, o número de residentes por vivenda alugada é inferior o número de residentes por vivenda en propiedade – 2,4 fronte a 2,8 no Ensanche e 2,7 fronte a 3,1 no total de Vigo-.

#### 4.3. TENDENCIAS DO SECTOR

A hora de abordar as posibles tendencias que se veñen experimentando neste sector, hai que gardar si cabe unha maior cautela que noutros apartados, a hora de interpretar a información e os datos recollidos; xa que neste caso (a diferenza doutros, que tamén se complementaban con datos secundarios do Censo ou Padrón), trátanse exclusivamente de datos primarios provenientes de entrevistas e cuestionarios realizados a inmobiliarias da zona.

Así pois en base a isto, podemos sinalar que unha das tendencia detectadas é a progresiva redución do tamaño das vivendas e dos locais da zona, debido en gran parte o cada vez máis elevado prezo do solo.

O perfil da vivenda máis demandado é o de unha construción con dúas ou tres habitacións como moito, cunha superficie media en torno a 90m<sup>2</sup>, e a poder ser con praza de garaxe, algo tan demandado como escaso na zona:

*<<Hoxe en día xa non se entende unha vivenda sen garaxe, e menos nesta parte da Cidade>>.*

Os demandantes poden encadrarse entre os que buscan unha vivenda nesta Área en concepto de aluguer, o en propiedade. Os primeiros poden ser dende estudantes ata xóvenes ocupados de fóra de Vigo que son contratados na Cidade, e que en moitos casos carecendo de contratos estables e vehículo, comparten piso nunha zona céntrica na que o traballo non lles queda lonxe e o automóbil privado faise innecesario. Os segundos adoitan ser matrimonios ou parellas entre 30 e 45 anos cun nivel adquisitivo medio-alto, e que a miúdo veñen doutras partes da Cidade buscando un colexio próximo para os seus críos ou mesmamente atraídos polo “atractivo” da centralidade da zona.

Respecto o colectivo de estudantes que en concepto de aluguer atopamos nesta parte da Cidade, dende as propias inmobiliarias fálase das “bolsas de estudantes” localizadas na zona de Camelias próxima a Torrecedeira, dada a súa proximidade a “Peritos”. Ó mesmo tempo a centralidade que ocupa o Ensanche tamén e un factor o suficientemente atractivo para os estudantes:

*“Teñen a zona de marcha preto... e a praza de España para coller o bus e subir ó CUVI”*

De igual xeito tamén se detecta un colectivo de demandantes-compradores de vivenda nesta Zona, cunha idade superior ós 50 anos, que tamén cun nivel económico elevado, o que buscan primordialmente a “inversión”, e dicir: mercar un local ou vivenda para posteriormente alugala. Ou ben, que poden permitirse adquirir unha vivenda no Centro como segunda residencia:

*<<Tamén hai xente que estivo traballando fóra, e que cando se xubilan e volven o que queren é unha casa grande con comedor para xuntar á familia os domingos. >>*

Así pois, como vemos hai duplo fluxo de atracción e expulsión no tocante ó acceso á vivenda no Centro. Hai un

colectivo de xóvenes que comezaron a súa vida laboral residindo nesta parte de Vigo en concepto de aluguer, compartindo piso ou nun estudio, e que pouco a pouco no momento en que deciden dar o paso de ter familia ou adquirir unha vivenda, establécense noutra parte da Cidade, dado elevado prezo do m<sup>2</sup>; ou ben parellas que (con dous soldos) vendo mellorada a súa situación económica, múdanse a esta parte da Cidade.

Respecto ós locais, podemos sinalar o continuo movemento de apertura e peche experimentado por un bo número deles nos últimos, debido ós altos prezos do solo nesta parte de Vigo (superiores os 1000 euros por m<sup>2</sup>), e a problemáticas específicas do sector, como a apertura de novos centros comerciais que acaba provocando que moitos destes locais se vexan obrigados a reestruturar a súa oferta suplindo os contidos que as grandes superficies non adoitan ofrecer (cyber-cafés, por exemplo).


*“No que se están convertendo moitos locais é en lugares complementarios dos grandes almacéns, suplindo a oferta da que carecen estes”*

En relación á mobilidade e o prezo dos locais comerciais, destaca tamén como o maior ou menor grao de humanización das rúas ou o seu tránsito peonil, “marcan” unha zona concreta, así por exemplo, se nos sinalaba dende outra das inmobiliarias:

*“(…) é que valen moito máis os locais da Gran Vía do lado do “Corte Inglés”, que do outro... ó igual que tamén te piden moito máis polos comercios de Urzaiz do lado de Príncipe que doutro... teñen máis movemento”*

#### 4.4. PROBLEMAS VECIÑAIS

Como se pode apreciar no seguinte gráfico, realizado en base a información recollida polo Censo do 2001, ó respecto, os problemas veciñais máis subliñados polos fogares do Ensanche son tamén os máis sinalados polo conxunto da cidade de Vigo: a escaseza de zonas verdes, a pouca limpeza das rúas e os ruídos exteriores.



Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

De todos xeitos, tanto estes problemas, (poucas zonas verdes, limpeza, barullo), xunto outras queixas expresadas en menor medida, como as malas comunicacións, son queixas coherentes coa centralidade da zona, especialmente no que se refire o uso mixto dos seus espazos e á atracción de poboación non residente no desenrolo da vida cotián da Cidade.

### 5. APARTADO SOCIOECONÓMICO

#### 5.1. RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA.

O relativo avellentamento da zona non se reflecta na actividade económica dos seus residentes. No Ensanche, a **distribución da poboación segundo súa relación coa actividade económica é moi similar á do conxunto da Cidade**. A grandes rasgos, falamos dun 40% de ocupados, un 20% de estudantes, sobre un 10% de xubilados e case outro 10% de inactivos adicados ó fogar. Tendo en conta o resto das situacións minoritarias, falamos dunha maioría escasa de inactivos – 53,3% no Ensanche e 52,4% en Vigo-. Por outra banda, a taxa de paro dos que traballaron antes, medida a través dos datos do Censo de 2001, está nun punto por baixo do total de Vigo (10,7 vs. 11,8).

Relación coa actividade	Vigo		Ensanche	
	Número	%	Número	%
Estudantes	60805	21,8	6362	22,2
Ocupados	113074	40,6	11556	40,2
Parados a procura do primeiro emprego	3719	1,3	432	1,5
Parados que traballaron antes	15696	5,6	1435	5,0
Xubilados	15655	10,5	1852	12,0
Pensionistas	29149	5,6	3436	6,5
Tarefas do Fogar	28937	10,4	2421	8,4
Outra situación (menores sen escolarizar, rentistas...)	11470	4,1	1219	4,2
<b>TOTAL</b>	<b>278505</b>	<b>100,0</b>	<b>28713</b>	<b>100,0</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

#### 5.2. NIVEL DE ESTUDOS

Unha das diferencias que máis claramente perfila o status socioeconómico dos residentes do Ensanche é o nivel de estudos acadado. **Ata un 25,5% dos censados no 2001 como residentes do Ensanche teñen estudos universitarios, en contraste co 13% do total de Vigo**. De feito, o 19,4% da poboación con estudos universitarios de Vigo, ten a súa residencia no Ensanche. Non podemos atribuír esta diferenza á estrutura por idade do Ensanche porque, polo contrario, mentres máis avellentada está unha poboación, menos peso adoitan ter os estudos de terceiro grao. De maneira que a distribución da poboación polo seu nivel de estudos acadado amosa o **nivel socioeconómico relativamente alto da poboación residente no Ensanche**.

Vigo	Ensanche
------	----------

Nivel de estudos acadado	Número	%	Número	%
Analfabetos	16243	5,8	1509	5,5
Sen estudos	30386	10,9	2044	7,4
Primeiro grao	70645	25,4	5161	18,8
Segundo grao	125067	44,9	11721	42,7
Terceiro grao	36164	13,0	7002	25,5
<b>TOTAL</b>	<b>278505</b>	<b>100</b>	<b>27437</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

A sobre-representación no Ensanche da poboación con estudos universitarios é aínda máis elevada cando examinamos unicamente a poboación ocupada, xa que o 43,7% dos ocupados que residen no Ensanche teñen estudos universitarios. No total da Cidade, representan o 22,6%.

O examinar a variedade interna do Ensanche sobre o peso dos residentes con estudos de terceiro grao, observamos que non hai ningunha sección censal da zona con menos do 15% de universitarios, aínda que en varias delas supera o 30%. Os valores máximos de todo Vigo están no Ensanche, de feito no 28% das restantes seccións censais da Cidade a cifra máis alta que chegan a acadar, correspóndese co valor mínimo da zona do Ensanche.

### 5.3. SITUACIÓN LABORAL DOS OCUPADOS

A proporción de poboación residente laboralmente ocupada que se concentra no Ensanche resulta case idéntica á concentración da poboación xeral, segundo o Censo do 2001. O 9,8% dos ocupados da Cidade viven no Ensanche. A distribución da poboación ocupada segundo a súa situación profesional é moi similar á do conxunto da Cidade, aínda que **destaca lixeiramente a presenza de empresarios e autónomos no Ensanche e a escaseza de contratados de carácter eventual e temporal. De feito, o 14% dos empresarios con asalariados Vigo teñen a súa residencia no Ensanche.**

Ocupados segundo situación profesional	Vigo		Ensanche	
	Número	%	Número	%
Empresario ou profesional que empregan persoal	6959	6,2	1000	9,1
Empresario ou profesional que non emprega persoal	8592	7,6	972	8,8
Traballador por conta allea con carácter fixo ou indefinido	67360	59,6	6675	60,5
Traballador por conta allea con carácter eventual, temporal...	29597	26,2	2335	21,2
Outra situación (axuda familiar e membros de cooperativas)	522	0,5	52	0,5
<b>TOTAL</b>	<b>113030</b>	<b>100</b>	<b>11034</b>	<b>100</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

En tres seccións censais do Ensanche, o peso relativo dos empresarios con asalariados non chega o 6%, mentres que noutras temos máximos que superan o 16%. Aínda así, só a metade das restantes seccións censais da Cidade superan os valores mínimos do Ensanche.

### 5.4. O SECTOR COMERCIAL

Para elaboración deste apartado contouse principalmente coa información cualitativa e cuantitativa facilitada por diferentes asociacións de consumidores, usuarios e comerciantes da Cidade: Federación de Comerciantes de Vigo (FECOVI), así como coa Asociación de Comerciantes de Vigo (ACОВI) e a Asociación de Consumidores "A Xuntanza" -ubicadas estas dúas últimas no Ensanche-, ao igual que cos datos secundarios proporcionados pola Cámara de Comercio de Vigo e a Asociación Comerciantes Centro-Príncipe.

Así pois, conforme a información facilitada tanto por estas asociacións como pola Cámara de Comercio, e tras unificar e por en común os datos e informes manexados por estas entidades, estamos en condicións de identificar varias características e problemáticas comúns desta parte do comercio vigués.

#### 5.4.1. PRINCIPAIS ÁREAS OU ZONAS DE COMERCIO

Dende estes colectivos compártese practicamente o mesmo criterio a hora de identificar as principais zonas ou arterias comerciais de Vigo:

- **Zona Centro** (Urzáiz, Gran Vía, Príncipe.)
- **Casco Vello** (A Pedra e o Berbés)
- **Zonas de Travesas, Calvario e Teis.**
- **Extraradio** (Cabral, Estación de Autobuses, Florida)...

En relación a esta clasificación, e uníndolle os datos do Censo de Poboación e Vivenda do 2001, decatámonos que practicamente un de cada catro locais comerciais do Concello de Vigo atópase na zona localizada dentro do Ensanche da Cidade, o que transmite unha idea clara da importancia deste área no que á actividade comercial se refire, constituíndo ó mesmo tempo unha das características das zonas céntricas dos entramados urbanos.

	Total Vigo	%	Total Ensanche	%
<b>Locais Comerciais</b>	<b>7680</b>	<b>76,2</b>	<b>1827</b>	<b>23,8</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

As rúas de Príncipe, Urzáiz e Gran Vía son as zonas comerciais que máis visitantes reciben, variando as cifras segundo a época do ano, pero mantendo sempre unha media de compradores elevada. Uns estándares de comercio mantidos pola calidade da oferta e o importantísimo tránsito peonil que percorre diariamente estas rúas.

Hai que sinalar tamén a flutuación existente xa non só sobre o número de visitantes, senón tamén en torno os produtos e artigos máis demandados segundo a época do ano, así por exemplo, segundo a FECOVI, no Nadal o 22% das compras están orientadas ó téxtil e complementos, seguidos polo 16% do xoguetes e 13% de calzado, mentres que na época de rebaixas o calzado representa o 17% das compras seguido polos electrodomésticos

cun 14%. Como é sabido, e en relación a isto: zapaterías e tendas de complementos configuran boa parte da oferta comercial desta zona de compras.

#### 5.4.2. ITINERARIOS E CARACTERÍSTICAS DOS DIFERENTES GRUPOS DE CLIENTES SEGUNDO A SÚA ORIXE

Por outra parte, de igual xeito que se realiza unha identificación espacial das áreas máis importantes do comercio vigües, hai tamén certa sintonía a hora de sinalar os itinerarios característicos dos visitantes e compradores tanto foráneos como autóctonos que se achegan a zona centro. Así pois, identifícanse varios tipos de consumidores segundo a súa procedencia:

- **Portugueses:** frecuentan e demandan a zona de Camelias, Travesas, Corte Inglés, Urzaiz e Príncipe. Este tipo de visitante-consumidor tradicionalmente fiel a estas zonas comerciais de Vigo, semella experimentar signos de estancamento e mesmamente descenso no seu volume de compra nos últimos anos, detectándose incluso certa tendencia a desprazar as compras polas praias.
- **Estranxeiros/cruceiristas:** é un colectivo un tanto “maleable”, xa que a miúdo están a expensas de “tour-operadores” que tanto poden levalos fóra da Cidade a visitar outros enclaves turísticos do País, como conducilos cara a grandes superficies comerciais onde efectuar compras. De todos xeitos, este tipo de turista, cando opta por coñecer Vigo, a parte das anteriormente citadas “zonas de acción” portuguesas, adoita visitar e consumir tamén noutras partes como o Casco Vello ou A Pedra.
- **Españóis:** de igual xeito que británicos, franceses, alemáns, etc... as pautas de consumo de andaluces, madrileños... son similares en moitos aspectos as de estas nacionalidades, antepondo con frecuencia o turismo gastronómico ó de produtos non perecedoiros, polo que sóen frecuentar tamén tanto A Pedra, como o Berbés ou o Casco Vello, (sempre e cando non decidan “escapar as praias”).
- **Veciños das áreas e concellos limítrofes:** amosan uns modelos de consumo semellantes ós dos portugueses, visitando e comprando no “contínuum espacial” conformado polo Corte Inglés e aledaños, Urzaiz e Príncipe.

#### 5.4.3. TENDENCIAS, FORTALEZAS E PROBLEMÁTICAS DO COMERCIO NA ZONA CENTRO DE VIGO

Do que non cabe dúbida é que nos últimos anos determinados esquemas e pautas de consumo tanto en Vigo como na súa zona central, veñen experimentando como resultado en parte, da apertura de novos e grandes centros comerciais que pouco a pouco foron absorbendo parte do “potencial consumidor-tradicional” desta área (conformado en boa parte polos propios vigües residentes na Cidade, xa que tanto portugueses como os compradores provenientes doutros concellos seguen amosándose fieis a esta Área). Dado que ofrecen unha maior proximidade ó consumidor, prazas de garaxe e unha oferta de produtos similar a existente na Zona Centro. Como se nos explicaba dende unha das asociacións de consumidores visitada:

<< se teño un “Zara” en Sanjurjo Badía ou un “Bershka” en cada esquina... para que vou coller o autobús para ir a Príncipe? >>

Así pois, coa apertura destas grandes superficies comerciais, prodúcese unha tendencia cara a un “policentrismo” e expansión de novas áreas comerciais, que pouco a pouco van consolidándose como novos “lugares de lecer e compra”, e que tenden a competir en certo modo coa Zona Central. Aínda que, factores como: precisamente a súa propia centralidade, as infraestruturas e condicións propicias xa creadas, e a “fama” que posúe, sitúan a este enclave nunha posición privilexiada ante os novos espazos comerciais emerxentes.

Se a estes factores, unimos os problemas vencellados ó acceso do vehículo privado a estas rúas centrais, e a escasa oferta de lugares para o estacionamento de vehículos, fai que moitos deses vigües sinalados anteriormente como “potenciais consumidores-tradicionais” escollan en menor medida a Zona Centro como lugar de compras, pese ós esforzos dos comercios de dita zona ofertando tickets-agasallo nos parkings próximos.

Nembargantes os problemas máis directos e preocupantes para boa parte do comercio do centro de Vigo, non semellan vir exclusivamente coa apertura de novas superficies comerciais, xa que como se sinala dende a Asociación Comerciantes Centro-Príncipe:

<< os clientes son conscientes de que se queren un produto de primeira calidade deben buscalo en Príncipe ou Urzaiz (...) as tendas ubicadas no área non se atopan nas grandes superficies>>

Senón que o progresivo encarecemento do prezo do solo, afecta tamén directamente ó prezo dos alugueres desta zona, o que obriga entre outros factores ó peche de boa parte deles (no ano 2006, 480 familias vigües pecharon as portas dos seus establecementos comerciais, segundo se recolle no número de abril do 2007 da revista da Federación de Comerciantes de Vigo). Uns datos que se ven reforzados polo estudo realizado no ano 2006 pola Asociación de Comerciantes de Vigo sobre o comercio tradicional, onde se sinalaba como un dos hándicaps máis problemáticos para o 75% dos locais comerciais do Centro o seu elevado coste de aluguer ou compra; acabando por ser accesibles nun bo número de casos para entidades bancarias, grandes axencias de viaxes, ou multinacionais que se poden permitir establecerse ou manterse aí, desaparecendo o pequeno comercio e autónomos.

#### 5.5. O SECTOR TURÍSTICO E HOTELEIRO

Neste capítulo do informe expóñense os resultados da investigación realizada sobre a relevancia do sector hoteleiro da zona do Ensanche de Vigo. Procuramos determinar a importancia desta actividade económica na evolución desta zona da Cidade, así como tamén a súa importancia relativa respecto ó desenvolvemento económico de Vigo no seu conxunto.

De igual xeito, quíxose describir tanto a situación actual como apuntar factores que previsiblemente afectarán a evolución futura do sector no Ensanche. Polo que recurrimos a varias fontes de información que inclúen tanto

estadísticas e informes sectoriais, como entrevistas con técnicos municipais da área de turismo, responsables das Oficinas de Información Turística (OIT) e expertos no sector hoteleiro. É importante sinalar que as estatísticas dependen esencialmente do censo ou universo de locais hoteleiros considerados, e que a listaxe dos mesmos varía considerablemente segundo o ano e a fonte consultada. Nembargantes, **todos os datos manexados apuntan a unha mesma dirección: o sector hoteleiro representa unha das principais funcións da zona do Ensanche de Vigo.**

#### 5.5.4. PESO RELATIVO DO SECTOR HOTELEIRO DO ENSANCHE NO CONTEXTO DE VIGO

O Censo de Poboación e Vivenda do 2001 contabilizou 18 vivendas colectivas do tipo hoteleiro na Cidade de Vigo, 5 delas situadas na zona do Ensanche, o que representa o 28% do total. Trátase dunha proporción importante, tendo en conta que a zona do Ensanche apenas representa o 6% dos edificios da Cidade e o 10% da poboación residente. Nembargantes, os datos de Turgalicia sobre o número de hoteis e pensións en Vigo durante o período 1996-2001, é case o dobre da cifra censal (en concreto: 34), o que nos leva a considerar as estatísticas do INE como unha contabilidade de mínimos. Os datos máis recentes e fiables dispoñibles, a unha escala que nos permita distinguir a zona do Ensanche, xorden dos informes de Turgalicia.

A día de hoxe observamos que boa parte da oferta hoteleira de Vigo concéntrase dentro do Ensanche da Cidade, circunstancia que salvo para o caso das pensións (tan só algo máis do 20% das mesmas atópanse na zona do Ensanche), faise extensiva tanto para os hoteis como para os hostais; xa que máis da metade do seu total localízase tamén no interior desta parte de Vigo.

Nº de establecementos	Total	Ensanche	% situado no Ensanche
Hoteis	40	27	67%
Hostais	31	17	55%
Pensións	14	3	21%

Fonte: www.Turgalicia.es-2006 e elaboración propia

Polo tanto, a zona do Ensanche destaca considerablemente na concentración dos locais hoteleiros de Vigo; pero ademais, o peso é maior canto máis elevada é a categoría do local: hai máis hoteis e hostais que pensións.

Nembargantes, este dato non se mantén por contra, ó considerar cada categoría segundo a súa clasificación por criterios de calidade. Temos que sinalar que tanto o único establecemento de cinco estrelas existente na Cidade como 5 dos 7 hoteis de catro estrelas ubicadas en Vigo, fano fóra do perímetro do Ensanche, acollendo no seu seo pola contra, a meirande parte dos hoteis e hostais de unha e tres estrelas.

Total Vigo	5-Estrelas	4-Estrelas	3-Estrelas	2-Estrelas	1-Estrela
Hoteis	1	7	7	12	14
Hostais	-	-	-	14	17
Pensións(3)	-	-	1	3	10

Fonte: www.Turgalicia.es-2006 e elaboración propia

Ensanche	4-Estrelas	3-Estrelas	2-Estrelas	1-Estrela
Hoteis	2	6	12	7
Hostais	-	-	7	10
Pensións(3)	-	-	1	2

Fonte www Turgalicia.es-2006 e elaboración propia

Por outra banda, no relativo ó número total de habitacións dispoñíbeis vemos como os hoteis do Ensanche absorben algo máis do 60% do volume total das habitacións existentes, mentres que pola súa parte os hostais e pensións alí ubicadas non acadan nin tan sequera a metade do total, algo especialmente significativo no caso das habitacións ofertadas polas pensións do Ensanche cun escaso 17% do total das mesmas, moi por baixo do 44% das habitacións dos hostais desta zona.

En todo caso, é evidente que **o peso relativo do sector hoteleiro do Ensanche medido por prazas dispoñibles, redúcese en comparación co seu peso relativo en número de locais. Esta circunstancia, xunto coa comparación dos criterios de calidade, fai que o sector do Ensanche quede caracterizado dentro da oferta típica das zonas céntricas das cidades medias.**

Nº de Habitacións	Total	Ensanche	% situado no Ensanche
Hoteis	1942	1214	62%
Hostais	420	184	44%
Pensións <sup>(3)</sup>	130	22	17%

Fonte: www.Turgalicia.es-2006 e elaboración propia

#### 5.6. PRESENZA E MOBILIDADE TURÍSTICA NO ENSANCHE

Un indicador interesante do que repercute no sector hoteleiro na vida cotiá da zona do Ensanche pode ser a actividade rexistrada nas Oficinas de Información Turística (OIT) de Vigo. Axudados polas cifras que manexa o Concello de Vigo sobre as demandas de información realizadas polos turistas nas sete OIT repartidas pola Cidade, podemos establecer certa correspondencia e relación entre os desprazamentos efectuados no Ensanche por turistas e visitantes, e as consultas que realizan nas oficinas de turismo localizadas en torno a zona do Ensanche.

<sup>3</sup> Ha de terse en conta que as cifras relativas as pensións tan só puideron ser realizadas en base a aqueles establecementos desta categoría adscritos a Turgalicia.

Así pois, dando como válida a premisa que contempla as consultas realizadas como desprazamentos, vemos como entre o 1 de xuño e o 31 de agosto do 2006, 56524 persoas demandaron información na zona circundante ao Ensanche-Cidade Central e os seus aledaños repartíndose do seguinte xeito:

OIT A PEDRA	7221 usuarios
OIT PORTA DO SOL – PRINCIPE	11366 usuarios
OIT PZA. DO REI	5826 usuarios
OIT PZA. DE ESPAÑA	6684 usuarios
OIT ESTACIÓN MARÍTIMA	18841 usuarios
OIT ESTACION RENFE	4426 usuarios
OIT PASEO ALFONSO	2160 usuarios

Fonte: Concello de Vigo e elaboración propia

Con isto temos un promedio mínimo (xa que hai moitos que non poden cuantificarse) de 628 visitantes diarios que neste período de tempo desprazáronse pola zona correspondente o Ensanche maila súa área de influencia, dos que aproximadamente un 75% foron nacionais e un 25% estranxeiros.

Nembargantes, os datos tamén amosan a importancia que está a adquirir, en relación o peso turístico, a área da Estación Marítima, con 7000 visitas máis que outras zonas tan significativas do comercio e turismo vigués como Príncipe. Queda por determinar ata que punto isto repercute positiva o negativamente no sector hoteleiro do Ensanche, e dicir: en que medida é una zona que entra en competencia ou que supón un maior potencial pola súa cercanía e dinamismo respecto o Ensanche da Cidade.

Resaltamos tamén, o feito de remarcar precisamente os lugares nos que se atopan as OIT, aquí sinaladas, isto é: bordeando e delimitando a área correspondente ó Ensanche.

Respecto ós desprazamentos máis característicos dos diferentes “colectivos turísticos” (anglosaxóns, portugueses, madrileños...) que se achegan a Cidade, hai varios tipos de movementos facilmente identificables, segundo se desprende das observacións realizadas e recollidas dende as propias OIT, así pois, comentaba unha das súas responsables:

*<< os que chegan nos cruceiros depende un pouco do que “fagan con eles”, xa que as veces hai flotillas de autobuses que os levan a ver a Catedral de Santiago, ou xente con publicidade do Corte Inglés que nada máis baixar do barco xa os está esperando para repartirles folletos e leva-los ata alí >>*

Dende estas mesmas Oficinas sinálase outra característica importante deste colectivo tan particular como o dos cruceiristas:

*<< como moitos deles son xente maior, preguntante polo monte do Castro e por “un Castelo” que teoricamente debe estar alí, porque o pon nunha guía que lles dan ou algo (...), pero ó explicarlles que queda un pouco lonxe da estación marítima, xa pasan de ir>>*

Do que non cabe dúbida, é que tamén hai grupos específicos que ou ven premeditadamente, ou atraídos polos escaparates durante os seus paseos, acaban realizando compras no Centro da Cidade:

*<< os portugueses por exemplo xa veñen a “tiro fixo”: ou ben te preguntan polo Corte Inglés ou por onde hai máis zonas de tendas ou comercio... aínda que tamén hai algún que vai a Cíes>>*

**As illas Cíes son pola súa parte, outro magnífico reclamo para o turista** que se achega a Vigo, sendo desta vez os españois os que máis se desprazan ata alí:

*<< logo hai xente que sempre que pode, sobre todo no verán, quere ir as praias ou a Cíes; o único que te preguntan neste caso é onde deixar o coche... porque claro... se o deixan no Castro non van ir cargados dende alí con todas as cousas (...) para coller o barco, polo que ó final o parking do Berbés e “o robotizado” (parking da Laxe) sempre acaban atope>>*

Por último, temos que falar do **turismo cultural**, entendido como aquel que se despraza co afán de visitar museos, monumentos, concertos, exposicións... neste caso este tipo de fluxo **ven representado primordialmente da man do propio turismo do País**. Xente que ven dende outras cidades e localidades galegas a visitar algunha exposición do MARCO, Fundación Barrié, Caixa Nova... a este continxente de visitas seguirían o conformado polas persoas doutras comunidades autónomas, así como ás excursións culturais organizadas de británicos. O que está claro é que **o turismo cultural en Vigo e un eido no que aínda hai unha grande laboura por realizar**.


*<< aínda que sempre hai alguén que te chega de Barcelona, ou Madrid... preguntándote por algo concreto como “tal ou cal” edificio modernista porque resulta que estudou arquitectura...>>*

#### 5.6.5. EVOLUCIÓN DO SECTOR: TENDENCIAS E POTENCIAL

Como observamos no presente gráfico o ritmo de crecemento dos hoteis en Vigo comeza a diminuír na década dos 90, producíndose un estancamento entre finais desa mesma década e os comezos da posterior, ata que nos anos 2005 e 2006 dáse de novo un tímido arranque coa apertura de tres novos establecementos; dous deles por certo, dentro do Ensanche. Pero determinadas previsións auguran unha evolución fortemente positiva do sector hoteleiro tanto en Vigo, como na zona do Ensanche.

Hai que destacar a influencia que xerará a apertura do Pazo de Congressos e Auditorio de Beiramar, prevista no ano 2009, tanto pola súa capacidade de atracción de visitantes á Cidade, como polo importante papel que pode xogar dentro do chamado “turismo congresual”, un eido non demasiado desenvolvido en Vigo ata o de agora- posibelmente pola ausencia dun espazo axeitado para tal fin e pola competencia de cidades con máis experiencia neste sector como Santiago de Compostela-. Hai que resaltar a intención de albergar neste Pazo de Congressos tanto un centro comercial como un hotel de 4 estrelas con 120 habitacións que viría a reforzar a presenza de hoteis destas características existentes ata o momento en Vigo, onde dous dos sete hoteis desta categoría que

hai na Cidade sitúanse no Ensanche.



Fonte: www.Turgalicia.es –2006 Concello de Vigo e elaboración propia

Así pois, deberase ter en conta as relacións de sinerxia que poderán establecerse entre a infraestrutura existente no Pazo de Congresos maila súa relación coa cidade e moi especialmente co Ensanche, xa que debido a súa proximidade a esta área, a presenza de visitantes e usuarios deste Pazo terán seguramente unha repercusión directa no volume de servizos dos establecementos hostaleiros e hoteleiros da zona.

Con respecto o “turismo congresual” concretamente, non podemos pasar por alto a cada vez maior influencia e peso deste tipo de actividade nas cidades que acollen acontecementos tales como convencións, xornadas, congresos... un sector que dende mediados da década dos noventa non fixo máis que medrar e asentarse tanto a nivel galego como estatal. Un dato que se desprende do *Spain Convention Bureau*, destacado organismo adicado a análise deste sector, adscrito a FEMP, que promociona as trinta e seis cidades que o conforman no “mercado internacional de congresos” (organismo ó que Vigo - por certo- non está asociado).

Dado o seu potencial, é de prever que este sector será máis explotado no futuro inmediato de Vigo, tendo en conta factores como o elevado nivel de consumo que fan os turistas de congresos, unhas catro veces superior ó do “turista medio”; é dicir: uns 300 euros por día -cifra similar a media que soen gastar por estancia os pasaxeiros que se achegan a Vigo en cruceiros de alto standing-.

**Por outra banda, en base a opinión de representantes de sectores relacionados de primeira man co turismo, como a Asociación de Hostalería de Vigo (AHOSVI) ou a propia Concellalía de Turismo, máis a a explotación de abundantes datos secundarios, estamos en condicións de sinalar como nos últimos anos estase producindo un certo “despunte” de lugares que anteriormente eran incapaces de competir coa zona central de Vigo (Ensanche) a hora de atraer fluxos importantes de turistas.**

Así pois, tra-la remodelación da zona portuaria e estación marítima, escomenzouse a detectar unha meirande interese do turista medio por este espazo da Cidade, tanto a hora de efectuar visitas como de demandar servizos hoteleiros. De feito, Sergio Román –presidente de AHOSVI- sinalaba, en entrevista persoal:

<< Agora a zona do Porto, dende que se arranxou, fai que se decante a clientela cara alí (...), mentres que antes o que máis se valoraba era esta zona do centro>>

Nesta mesma liña o Sr. Román apuntaba as consecuencias para os hoteis localizados no Ensanche:

<< NH, Tres Luces e Zénit sempre foron os tres hoteis con máis ocupación de Vigo. Nembargantes agora Universal, Bahía, Ciudad de Vigo, América... estanse beneficiando das melloras que se levaron a cabo no Porto>>

De tódolos xeitos hai que aclarar que se ben é certo, como xa se dixo, que hai un importante continxente de turistas que visitan e se hospedan na zona portuaria, segundo se nos informou dende AHOSVI, non hai un criterio predominante ou de máis peso que outros, que faga que o “turista medio” se hospede nun lugar en vez de outro; digamos que se reparte por toda a xeografía viguesa de xeito por igual. Nembargantes, este feito tamén pode observarse dende os usos que fan as empresas dos servizos hoteleiros en base a súa ubicación:

<<As empresas do Porto demandan máis aquela zona... mentres que o resto: Citroen, Caramuxo, Avd. de Madrid... utilizan máis aquela zona de arriba (Ensanche)>>

Por outra banda, se nos centramos nos fluxos turísticos dende unha perspectiva máis temporal que espacial, vemos como hai unha tendencia clara e constante que se repite practicamente semana a semana –durante os períodos non vacacionais- marcada polos usuarios dos establecementos hoteleiros en días laborábeis e en fins de semana. O primeiro grupo identificaríase por demandar estes servizos por motivos laborais: congresos, feiras... ou sinxelamente traballo, mentres que os que acoden a Vigo as fins de semana son persoas que acoden como turistas provenientes na meirande parte de núcleos de poboación situados a dúas horas da Cidade: Coruña, Lugo, Ourense, León, Norte de Portugal...

Evidentemente estas tendencias cambian na época estival, navideña, etc, xa que os visitantes que se achegan a Vigo veñen sendo persoas provenientes doutras comunidades: Madrid e Castilla León sobre todo, así como do estranxeiro: Francia, Gran Bretaña, Alemaña... ó marxe claro está, de Portugal xa que os visitantes deste país amosan unhas pautas de comportamento similares ás do turismo español, xa que as súas visitas son moito máis frecuentes e habituais, non quedando circunscritas a época estival ou vocacionais. Nesta liña, sinalar que de igual xeito que moitos madrileños, cataláns... os portugueses que se achegan a Vigo no verán, buscan ó igual que moitos españois o sol e as praias, deixando nun segundo plano as compras.

Respecto os niveis de ocupación existentes en Vigo, estes non varían substancialmente da media galega, cunhas marxes comprendidas entre o 60% e 70%, -segundo a propia AHOSVI-; aínda que evidentemente estas cifras

poden variar ostensiblemente (xeralmente a alza) dependendo de circunstancias e fenómenos coxunturáís tales como a celebración de eventos como o Xacobeo, ou mesmamente a Volvo Ocean Race, que fixo que practicamente a totalidade dos establecementos hoteleiros da cidade acadasen o 100% de ocupación.

Así pois, vemos como Vigo, pouco a pouco, consegue afastarse do estereotipo de cidade industrial, gris con escaso atractivo turístico. De feito, nos últimos anos, dende diferentes entidades públicas e privadas, estase levando a cabo unha importante campaña de cambio de imaxe de Vigo para facela cada vez máis atractiva ó visitante, como sinala dende o Concello o técnico responsábel da área de turismo Carlos Soto:

<< Vigo é unha cidade industrial importante (...) non se pode negar; pero é unha Cidade moderna, non só ten industria, ten servizos... a meirande parte dos ocupados traballan nos servizos (...). Esa é a cidade que queremos vender >>

Nembargantes, en relación a isto mesmo, e curioso a idea totalmente diferente que dende certos colectivos aínda se ten de Galiza e Vigo, podendo cegar incluso a pensar que ese concepto do “Vigo Industrial” é un concepto de “uso interno” entre os galegos. Deste xeito contestaban dende as OIT sobre a posible imaxe industrial da Cidade:

<< aquí a verdade... é que case ninguén ven con esa idea... de feito si me descoido hai xente que incluso che pregunta: “Oye... y luego a parte de esto ¿que hay que ver en el pueblo?”, ou que che din: “De aquí hasta aquí... se puede ir andando, ¿no?” dando por feito que isto é unha especie de aldea na que a pouco máis poden atopar ata vacas!!>>

Deste mesmo xeito vemos como as entidades e organismos implicados traballan na **confección e difusión de “paquetes turísticos”** (algo practicamente inexistente con anterioridade) vendibles a potenciais visitantes. Trátase dunha ferramenta básica para atraer o turismo na que xa levan traballando máis tempo competidores directos como Santiago de Compostela, unha área turística que desvía un importantísimo volume de visitantes que acaban empregando Vigo máis que nada como punto de chegada e partida.

Así, por exemplo –como xa se dixo anteriormente-, vemos como moitos cruceiristas son recollidos por “tour-operadores” que os levan a Compostela, Baiona ou Cambados para deixalos de volta no transatlántico co tempo xusto para voltar a embarcar, sen practicamente chegar a realizar ningún tipo de gasto ou consumo na Cidade. Non podemos esquecer que, segundo un estudo da Universidade de Vigo recollido nun informe da Concellalía de Turismo do propio Concello, cada cruceirista gasta entre 180 e 300 euros en cada escala (a parte de xenerosas propinas).

O mesmo tempo, estase tentando fixar e asentar unha serie de circuítos turísticos na Cidade, co gallo de potenciar aquelas características propias de Vigo coas que pode competir e diferenciarse dos seus competidores:

<< Hai un importante número de persoas que veñen facer “turismo urbano”, que é un turismo que ten auxe xunto o náutico e o de congresos (...). Haberá “paquetes” cunha oferta cultural, gastronómica, de congresos e seguramente náutica >>

#### 5.6.6. PERSPECTIVAS DE FUTURO

As aproximadamente 4000 prazas hoteleiras das que dispón Vigo na actualidade amosan ser suficientes para unha cidade das súas características. Nembargantes, se pretende consolidarse como un foco de atracción para o turismo congresual e de exposicións (Conxemar, Salón do Automóbil), coa apertura do Pazo de Congresos de Beiramar, pode que esta cifra de prazas hoteleiras quede en algúns momentos ante eventos concretos un pouco xusta, tendo incluso en conta a apertura neste lugar do novo hotel de 4 estrelas cunhas 650 prazas, xa que esta nova construción viría a unirse a xa existente de Cotogrande, polo que as relacións de sinerxia resultantes poden aportar importantes beneficios o sector servizos da Cidade. E non podemos pasar esquecer que o turista congresual posúe unha capacidade de gasto catro veces superior o “turista normal”.

Outro dato positivo co que xa se conta tanto dende AHOSVI como dende o propio Concello, é o reforzo que traerá consigo a reforma e acondicionamento do Casco Vello, xa que o atoparse entre os lindes da zona centro – Ensanche- e a Estación Marítima do Porto, pode dar lugar a un “contínuum espacial”, certamente interesante con múltiples posibilidades de aproveitamento cultural e turístico.

Esta circunstancia, obrigará en certo xeito ós establecementos situados no Ensanche, a xa non só manter senón mellorar as súas ofertas e prestacións, xa que a posición de vantaxe e “monopolio” do que gozaba anteriormente, xa se viu afectado en certo modo por aqueles visitantes que pasaron a ceder parte da súa “economía de atención” a favor da estación marítima; un fenómeno que pode repetirse de novo coa mellora e humanización do Casco Vello. Unha zona que urxe ser rehabilitada canto antes polos escasos atractivos que posúe neste momento, segundo as inquedañas manifestadas na prensa local dende a Federación de Comerciantes de Vigo, co gallo de reter ó turista máis tempo nesta parte da Cidade, tentando evitar o mesmo tempo “as fugas as praias”.

Aínda que agora ben, cunha xestión axeitada e consensuada por parte dos sectores afectados: hostaleiros, hoteis, comercios... **a sinerxia debería ser o elemento vertebrador do conxunto espacial urbano formado polo: Ensanche / Casco Vello / Estación marítima.**

## 6. DESPRAZAMENTOS E MOBILIDADE

O Censo de Poboación e Vivenda do 2001 recolleu información sobre patróns de desprazamento dentro e fora dos concellos da poboación ocupada e da poboación estudante de 16 anos e máis. Aquí analizaremos esta información en relación ó total de Vigo e a zona do Ensanche.

### 6.1. LUGAR DE TRABALLO E LUGAR DE ESTUDOS

A abrumadora maioría da poboación ocupada, tanto en Vigo como no Ensanche, traballa no mesmo concello no que reside: Vigo. Falamos dun 80,5% para o conxunto da Cidade e dun 77,8% entre os veciños do Ensanche. A diferenza de pouco máis de dous puntos porcentuais entre unha e outra cifra remite a unha maior representación no Ensanche doutras situacións que van dende traballar no propio domicilio ata o que podería ser traballar en Pontevedra ou Compostela; pero as diferenzas son, como xa se dixo, insignificantes.

Ocupados segundo lugar de traballo	Vigo		Ensanche	
	Nº	%	Nº	%
Domicilio propio	2176	1,9	329	3,0
Varios concellos	5623	5,0	513	4,6
Mismo concello o de residencia	90936	80,5	8582	77,8
Distinto concello da mesma provincia	10903	9,6	1133	10,3
Outra provincia de Galiza	1489	1,3	238	2,2
Outra comunidade	1035	0,9	144	1,3
Outro país	868	0,8	95	0,9
<b>TOTAL</b>	<b>113030</b>	<b>100,0</b>	<b>11034</b>	<b>100,0</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Tamén a meirande parte dos estudantes de 16 anos ou máis, tanto en Vigo como no Ensanche, estudan no mesmo Concello no que residen; pero as diferenzas entre o Ensanche e o conxunto da Cidade son aquí máis acusadas: o 78% dos estudantes de Vigo fronte o 70% dos empadroados na nosa zona. Parece polo tanto, que o Ensanche recolle maior diversidade de situacións, xa que hai unha representación porcentual máis elevada de todas as outras alternativas en canto o lugar de estudos. Nembargantes, **a diferenza maior observase no tocante o sector que realiza estudos noutra comunidade autónoma – posiblemente, outro signo do maior status socioeconómico do que gozan os fogares do Ensanche.**

Lugar de estudo dos estudantes de 16 anos e máis	Vigo		Ensanche	
	Nº	%	Nº	%
Domicilio propio	857	2,9	189	5,6
Varios concellos	52	0,2	9	0,3
Mesmo concello o de residencia	22833	78,1	2375	70,3
Distinto concello da mesma provincia	1363	4,7	161	4,8
Outra provincia de Galiza	3004	10,3	403	11,9
Outra comunidade	911	3,1	205	6,1
Outro país	231	0,8	37	1,1
<b>TOTAL</b>	<b>29251</b>	<b>100,0</b>	<b>3379</b>	<b>100,0</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

## 6.2. PEONALIZACIÓN E MEDIOS DE TRANSPORTE

A centralidade xeográfica e funcional da zona do Ensanche reflíctese no uso que fan seus veciños dos distintos medios de desprazamento para ir traballar e para ir ó lugar de estudo. Vivir **no Ensanche facilita a mobilidade peonil**. En realidade, o coche particular é a alternativa maioritaria para ir traballar, tanto en Vigo como no Ensanche, mentres que ir a pé é a segunda alternativa máis escollida nos dous casos pero con diferenzas cuantitativas entre ambos.

Como se observa, **a meirande parte dos ocupados empregan o seu coche particular para desprazarse o seu lugar de traballo, dándose unha porcentaxe superior no conxunto da Cidade (52,9%), que no seu Ensanche (45,1%). A continuación deste segmento poboacional, sitúanse os individuos que acoden a traballar a pé, moito máis numerosos no Ensanche (33,2%) que no total do Concello (20,7%).** A unha maior distancia está o colectivo que se despraza en autobús: 13,7% en Vigo e 11,2% no Ensanche.

OCUPADOS SEGÚNDO MEDIO DE TRANSPORTE	VIGO		ENSANCHE	
	Nº	%	Nº	%
Só coche particular (conducindo)	53913	52,9	4402	45,1
A pé	21148	20,7	3234	33,2
Só autobús	13966	13,7	1093	11,2
Só coche particular (de pasaxeiro)	6610	6,5	504	5,2
Outros	1799	1,8	176	1,8
Só moto	2691	2,6	173	1,8
Coche particular, conducíndoo e transporte público	905	0,9	69	0,7
Coche particular, de pasaxeiro e transporte público	775	0,8	65	0,7
Só tren	104	0,1	24	0,2
Autobús + tren	35	0,0	11	0,1
Bicicleta	55	0,1	1	0,0
<b>TOTAL APLICABLE</b>	<b>102001</b>	<b>100,0</b>	<b>9752</b>	<b>100,0</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

Entre os estudantes, a vantaxe de vivir no Ensanche respecto a opción de poder ir a pé o centro de estudos, é igualmente salientábel. Novamente a primeira opción fica infra-representada entre os residentes do Ensanche – neste caso, o autobús— en cambio esta zona destaca especialmente no uso da segunda opción: ir camiñando ó centro de estudos.

ESTUDANTES SEGÚNDO MEDIO DE TRANSPORTE	VIGO		ENSANCHE	
	Nº	%	Nº	%
Só autobús	12231	50,0	1132	44,4
A pé	6944	28,4	850	33,3
Só coche particular (conducíndoo)	2530	10,3	274	10,7
Só coche particular (de pasaxeiro)	1068	4,4	87	3,4
Só moto	565	2,3	58	2,3
Coche particular, conducíndoo e transporte público	276	1,1	47	1,8

Outros	236	1,0	39	1,5
Coche particular, de pasaxeiro e transporte público	381	1,6	33	1,3
Só tren	157	0,6	17	0,7
Autobús + tren	73	0,3	11	0,4
Bicicleta	8	0,0	4	0,2
<b>TOTAL APLICABLE</b>	<b>24469</b>	<b>100,0</b>	<b>2552</b>	<b>100,0</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

### 6.2.1. PEONALIZACIÓN

O ámbito que abrangue o Plan Especial atópase na zona centro de Vigo, polo que é atravesada por varias vías e arterias principais de circulación, en moitos casos con circulación en ambos sentidos, e moito tráfico rodado. Nos últimos anos aplicouse unha reorientación dos criterios de deseño do tecido urbano para dar un importante pulo ós traxectos peonís.

A área do P.E.E.C. converteuse pois, no centro dunha serie de medidas de humanización das rúas orientado en dar prioridade ós peóns fronte ós vehículos a motor. Dito proceso partiu da rúa monomodal peonil de Príncipe, para ir espallándose e extendéndose cara o seu redor adoptando diferentes solucións para a súa aplicación:

- Converter tramos de rúas plurimodais con segregación parcial de tráfico en monomodais peonís, coma no caso da Rúa Velázquez Moreno.
- Reestruturación de rúas plurimodais mediante o ensanchamento das beirarrúas, coma na Rúa María Berdiales.
- Conversión de rúas plurimodais con segregación parcial de tráfico en rúas de coexistencia de tráfico, coma a levado a cabo na Rúa do Progreso.

As vantaxes que xorden destas actuacións, céntranse en aspectos como a posibilidade de dispor de lugares exclusivos, ou prioritarios, para peóns así como a creación e adaptación de espazos como potenciais lugares de espaxamento e lecer en convivencia co espazo comercial... tal e como sinalaba unha traballadora desta zona de Vigo:

"...é unha zona comercial na que non experimentas a sensación de peche que tes en grandes centros comerciais..."

As desvantaxes dos procesos de peonalización, danse coas restricións que lle son impostas ós vehículos privados para acceder a estas zonas, tanto para os residentes como para as persoas que se desprazan por esta parte de Vigo, xa que para a súa implantación foi necesario eliminar carrís de circulación e prazas de aparcamento en superficie, coma recalcaba un representante do comercio da zona:

"...ó final o coche sempre é o máis perseguido..."

"...o crecemento non se ve traducido en prazas de aparcamento..."

### 6.3. TEMPOS DE DESPRAZAMENTO

Finalmente, a centralidade da zona do Ensanche manifestase especialmente no escaso tempo de desprazamento ó lugar de traballo e de estudo que empregan os veciños da zona que traballan ou estudan no propio Vigo. Dito doutra xeito, **vivir no Ensanche aforra tempo de desprazamento.**

Tanto no conxunto da Cidade como no Ensanche, o máis frecuente é que leve entre 10 e 20 minutos chegar o traballo; pero ata un 30% dos veciños do Ensanche que traballan empregan menos de 10 minutos, o que se reduce a un 20% para o total de Vigo.

TEMPO DE DESPRAZAMENTO DOS OCUPADOS NO MESMO CONCELLO DE RESIDENCIA	VIGO		ENSANCHE	
	Nº	%	Nº	%
Menos de 10 minutos	17833	19,7	2528	29,6
Entre 10 e 20 minutos	40595	44,8	4028	47,2
Entre 20 e 30 minutos	24793	27,4	1614	18,9
Entre 30 e 45 minutos	5545	6,1	256	3,0
Entre 45 minutos e 1 hora	1239	1,4	76	0,9
Entre 1 hora e hora e media	360	0,4	18	0,2
Máis de hora media	241	0,3	19	0,2
<b>TOTAL APLICABLE</b>	<b>90606</b>	<b>100,0</b>	<b>8539</b>	<b>100,0</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

As diferencias non son tan acentuadas cando examinamos o tempo de desprazamento dos estudantes de 16 e máis anos. A razón obvia, é que a localización dos principais centros de ensino de adultos non responde a tradicional centralidade doutras funcións, polo que tamén poden ficar relativamente lonxe para os veciños do Ensanche. Así pois, non hai grandes diferencias entre o tempo investido polos estudantes desta zona respecto ós seus compañeiros do resto da Cidade, dándose a maior diverxencia entre o 34,3% dos vigueses e o 39,4% dos rapaces do Ensanche que empregan entre 10 e 20 min. en chegar ó seu centro de estudos.

TEMPO DE DESPRAZAMENTO DOS ESTUDANTES DE 16 E MÁIS QUE ESTUDAN NO MESMO CONCELLO	VIGO		ENSANCHE	
	Nº	%	Nº	%
Menos de 10 minutos	2853	12,6	352	14,9
Entre 10 e 20 minutos	7782	34,3	930	39,4
Entre 20 e 30 minutos	7231	31,9	667	28,3
Entre 30 e 45 minutos	3229	14,2	257	10,9
Entre 45 minutos e 1 hora	1268	5,6	141	6,0
Entre 1 hora e hora e media	304	1,3	12	0,5
Máis de hora e media	33	0,1	1	0,0
<b>TOTAL APLICABLE</b>	<b>22700</b>	<b>100,0</b>	<b>2360</b>	<b>100,0</b>

Fonte: INE, Censo de Poboación e Vivenda, 2001

#### 6.4. GARAXES E PARKINGS.

Con anterioridade ós procesos de humanización executados nesas rúas, o residente da zona optaba por deixar o coche nos aparcamentos de superficie que se atopaban distribuídos por tódalas rúas desta área, pagando nas zonas de O.R.A. para residentes, ou recurrido os diferentes aparcamentos que se atopaban nesta parte da Cidade, tanto nas edificacións (as propias garaxes dos edificios) coma nos espazos públicos.

Segundo o Censo de poboación e Vivenda de 2001, o Ensanche contaba con 6892 fogares que dispuñan de vehículo propio, do que se obtén unha porcentaxe do 66,9% dos fogares da Zona con automóbil, fronte o 73,6% do total dos fogares de Vigo.

FOGARES CON DISPOÑIBILIDADE DE VEHÍCULO.	TOTAL	DISPÓN DE VEHÍCULO	NON DISPÓN DE VEHÍCULO	DISPÓN DE VEHÍCULO	NON DISPÓN DE VEHÍCULO
Total Vigo	93425	68783	24642	73,6%	26,3%
Total Ensanche	10290	6892	3398	66,9%	33%

Fonte: Censo de poboación e vivenda 2001 e elaboración propia.

De aquí tamén se desprende que o 48% dos residentes do Ensanche teñen acceso a un só vehículo (o 15,8% dous e o 3,1% tres ou máis) fronte o 52,6% do total de Vigo, se ben as diferencias entre ambas Zonas non son realmente considerables.

PORCENTAXE DE FOGARES CON	1 vehículo	2 vehículos	3 ou máis
---------------------------	------------	-------------	-----------

ACCESO A VEHÍCULOS			
Total Vigo	52,6%	17,5%	3,5%
Total Ensanche.	48%	15,8%	3,1%

Fonte: Censo de poboación y vivenda 2001 e elaboración propia.

Respecto ó número de prazas de garaxe ás que teñen acceso os residentes, vemos que o Censo revela que tan só o 31,5% dos fogares da zona Centro-Ensanche teñen unha praza de aparcamento fronte ó 41,4% da media do total da Cidade.

Fogares con dispoñibilidade de garaxe	TOTAL	Ten praza	Non ten praza	Non é aplicable	Ten praza	Non ten praza	Non é aplicable
Total Vigo	93425	38726	54332	367	41,45%	58,16%	0,39%
Total Ensanche	10290	3247	6826	217	31,55%	66,34%	2,11%

Fonte: Censo de poboación y vivenda 2001 e elaboración propia.

Todo isto amosa, que pese a que a porcentaxe de vehículos no Ensanche atópase por debaixo da media do Concello, a porcentaxe de aparcamentos dos que se dispoñen é tamén menor, sendo máis salientable esta distancia (10 puntos menos) que a relativa diferencia existente entre as porcentaxes de fogares con acceso a vehículos en Vigo e na zona do P.E.E.C.

Por outra parte vemos como o parque móbil do Concello segue medrando cada ano, como amosa o seguinte cadro:

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
<b>Turismos</b>	128958	133374	136403	140560	143087	142608	146013	148627
<b>Motos</b>	9006	9401	9746	10064	10343	10136	10939	12564
<b>Totais</b>	137964	142775	146149	150624	153430	152744	156952	161191

Fonte: I.G.E. D.G.T e elaboración propia.

#### 6.4.1.1. O PROBLEMA DOS APARCAMENTOS.

A zona afectada polo P.E.E.C., conta con varios tipos de aparcamento público que conta coa particularidade de ser de pago. Nesta líña, poderíamos dividir os tipos de aparcamento en: aparcamentos de estacionamento controlado en superficie (zonas X.E.R.<sup>4</sup> –antiga O.R.A.- que contan con aproximadamente 2800 prazas<sup>5</sup>) e os parkings públicos, que ou ben pertencen a concesións, a empresas privadas ou acentros comerciais. Estes aparcamentos aparecen no cadro seguinte:

<sup>4</sup> Xestión de Estacionamento Regulado.

<sup>5</sup> Fonte: Faro de Vigo e Diario 20 minutos.

Aparcamentos zona Ensanche Centro	Número de prazas
Velazquez Moreno	220
Colón 28	160
Principe	130
Dr Cadaval	160
El Dorado	350
Venezuela	435
Progreso	110
La Estrella	464
Urzaiz	511
Praza de Portugal	214
Porta do Sol	252
El Corte Ingles	577
<b>Totais</b>	<b>3583</b>

Fonte: elaboración propia.

Nembargantes, non podemos tomar a zona coma un “todo pechado” polo que cómpre incluír, ademais dos parkings ubicados dentro da delimitación do P.E.E.C., os aparcamentos que circundan dita zona e que axudan a conter a demanda de prazas de garaxe nesta Área. Neste grupo incluimos os parkings do seguinte cadro:

Aparcamentos do área circundante o P.E.E.C.	Número de prazas
Avenidas (robotizado)	400
Rosalía de Castro	225
Berbés	147
Praza Fernando el Católico	378
Praza Elíptica	419
Praza do Rei	431
Estación de Ferrocarril	336
<b>Totais</b>	<b>2336</b>

Fonte: elaboración propia.

Os dous grupos de aparcamentos con rotación ofertados ó público fan un total de 20 espazos de aparcamento con preto de 6000 prazas no Ensanche e na súa zona de influencia.

Ademais foron adxudicados seis aparcamentos subterráneos, contando asemade cun novo parking en construción a carón da zona do P.E.E.C, que viría a incrementar a oferta de aparcamento de Vigo con 3500 novas prazas. No ámbito do P.E.E.C. e a súa zona de influencia os aparcamentos máis senlleiros serían os citados no cadro seguinte, os cales aportarían preto de 2200 prazas máis:

Aparcamentos proxectados	Prazas totais
C. Comercial a Laxe	521 <sup>6</sup>
Policarpo Sanz	572 <sup>7</sup>
Areal	539
Rosalía de Castro	601
<b>Totais</b>	<b>2233</b>

Fonte: Faro de Vigo e elaboración propia.

Entre tanto, o número de vehículos matriculados segue incrementándose. Na liña do anteriormente exposto, vemos que no Ensanche o 48% dos fogares ten acceso a un vehículo fronte o 52,6% dos fogares vigueses, dándose a mesma tendencia relativa ó/ co acceso a dous vehículos e a tres ou máis vehículos, xa que no ensanche as porcentaxes son inferiores a xerais de Vigo. En cifras absolutas, poderíamos dicir que os fogares do Ensanche teñen acceso a un mínimo de 9174 vehículos, -se pomos en relación o número de fogares co número de vehículos ós que teñen acceso<sup>8</sup>.

	1 vehículo	2 vehículos	3 ou máis	Totais
Total Vigo	49162	16351	3270	91674
Total Ensanche	4940	1632	320	9164

Fonte: Censo de poboación y vivienda 2001 e elaboración propia.

Segundo o I.G.E, o parque de vehículos do Concello de Vigo situábase no 2005 en 183.979, dos que 148627 son turismos, experimentándose un incremento de máis de 8000 turismos (un 5,7%) no período do 2001 a 2005.

Máis salientable é o feito do incremento de case o 25% no número de motocicletas da Cidade. O que fai que en zonas coma na rúa Manuel Núñez isto estase traducindo na creación de zonas de aparcamento específicas para motocicletas.

Evolución do parque móbil de Vigo	2001	2005	2001-2005	2001-2005
Turismos	140560	148627	8067	5,74%
Motos	10064	12564	2500	24,84%
Furgonetas e camións	17482	18504	1022	5,85%
Autobuses	277	272	-5	-1,81%
Tractores industriais	835	913	78	9,34%
Outros	2343	3099	756	32,27%
<b>Total</b>	<b>171561</b>	<b>183979</b>	<b>12418</b>	<b>7,24%</b>

Fonte: I.G.E, D.G.T e elaboración propia.

<sup>6</sup> En construción.

<sup>7</sup> Adxudicados.

<sup>8</sup> Tomamos 3 vehículos para aqueles que respostaron 3 ou máis no Censo.

En canto ó transporte público, a área do Plan Especial sitúase como zona de paso da meirande parte das liñas do autobús urbano, contando con carrís bus nas principais rúas distribuidoras da zona (Urzaiz, Colón...).

Respecto ó servizo de taxis, vemos que conta con varias paradas de taxis en zonas estratéxicas, coma ó lado dos centros e zonas comerciais máis importantes (rúa Urzaiz, Gran Vía 25, Porta do Sol...) e estacións de transporte de viaxeiros (estación do ferrocarril e estación marítima).

## 7. APARTADO CONCLUSIVO

### 7.1. A POBOACIÓN

- Atopámonos cunha poboación máis avellentada e feminizada que a do conxunto de Vigo. Destacan as mulleres viúvas e solteiras.
- Esta feminización tradúcese tamén nunha maior porcentaxe de poboación ocupada feminina, superior a do resto da Cidade.
- Respecto á orixe da poboación detéctase unha lixeira porcentaxe superior de estranxeiros no Ensanche que noutros puntos de Vigo, destacando a comunidade chinesa.
- No seu conxunto, a porcentaxe total de persoas que non naceron en Vigo (tanto galegos doutros concellos como foráneos) é superior en 8 puntos porcentuais á media viguesa do 40%.

### 7.2. ECONOMIA

- Respecto a distribución da poboación segundo a súa relación coa actividade económica (estudantes, parados, ocupados...) non hai diferencias salientables co total municipal, sendo significativa nembargantes a cifra de individuos con estudos superiores, moito máis elevada no Ensanche (25,5%), que en Vigo (13%).
- De igual xeito, hai unha “discreta” maior presenza de empresarios con asalariados nesta parte da Cidade, o que denota -xunto outros factores, como a tamén máis elevada cifra de estudantes do Ensanche que estudan fóra de Vigo- un nivel socioeconómico máis alto que o correspondente a media viguesa.
- Practicamente un de cada catro locais comerciais de Vigo están no Ensanche; ó igual que máis do 50% dos hostais e hoteis de Vigo.
- comercio e os hoteis son dúas das principais funcións da Zona, actividades representativas ó mesmo tempo da súa centralidade.

### 7.3. EDIFICIOS E FOGARES

- No Ensanche localízase un número porcentual máis elevado de fogares unipersoais tanto de maiores, como de menores de 65 anos. De feito o 16% do total dos fogares compostos exclusivamente por un membro, concéntranse aquí.

- Por contra, a porcentaxe de fogares que acollen a “familia nuclear típica”, -composta por dous adultos e un menor-, ten unha menor representatividade nesta parte de Vigo.
- Respecto ós edificios, vemos que hai unha elevada mestura de funcións, albergando o Ensanche no 2001 o 30% dos 15000 locais existentes en Vigo. No tocante ós edificios de vivendas, o 21% dos mesmos atópanse tamén no Ensanche.

### 7.4. A VIVENDA

- O mercado da vivenda nesta zona, está dirixido en boa medida, á demanda do colectivo de persoas que chegan de fóra do Concello (estudantes, traballadores desprazados, migrantes...)
- Pese a ser vivendas cunha media de superficie superior á do total vigués, os fogares numerosos son menos frecuentes; de igual xeito, hai unha menor densidade de residentes por vivenda (1,8% no Ensanche fronte ó 2,3% de Vigo).
- A cifra porcentual de vivendas secundarias (11,9%) e baleiras (20%) aquí localizadas, é sensiblemente superior que no conxunto municipal (8,5% e 11,9% respectivamente); o que fai que en consecuencia haxa menos vivendas principais no Ensanche: 67,8% que en Vigo 76,2%.
- conxunto de vivendas desta zona teñen unha antigüidade considerablemente superior a do resto da Cidade, unha circunstancia que se reflicte no estado de conservación das mesmas, contabilizándose pois, un menor número de edificios en bo estado que no resto do conxunto urbano.
- De igual xeito que acontece cos locais comerciais, as tendencias na demanda de vivenda nesta zona, apuntan cara a vivendas máis pequenas; primando o aluguer (31,9% no Ensanche e 19,4% en Vigo), sobre o réxime de propiedade, o que fai que éste sexa evidentemente menor en 10 puntos porcentuais menos que no total municipal.

### 7.5. MOBILIDADE

- O Ensanche-Centro é unha zona especialmente apta e óptima para os traxectos peonís, e onde ademais teñen unha gran importancia.
- Pola súa centralidade é un Espazo que exerce de polo de atracción comercial e de lecer, así como de paso obrigado para incontables desprazamentos peonís e a motor.
- As prazas de aparcamento coas que conta esta Área posiblemente sexan insuficientes para atender a demanda de estacionamento e o actual ritmo de crecemento do parque de vehículos.
- Destaca tamén como zona especialmente transitada polos diferentes medios de transporte públicos (autobus e taxi), como así o demostran as abundantes liñas e paradas que atravesan dito Espazo.

## 8. BIBLIOGRAFÍA

- GARCÍA DO CAMPO, Manuel. *A construción social do territorio galego*. tresCtres/XIZ/Didáctica.
- SOUTO GLEZ, Xosé Manuel. *Vigo: cen anos de historia urbana (1898-1998)*. Xerais-Universitaria.
- VV.AA. *Las culturas de la ciudad,2. Cuadernos de Antropología-Etnografía*. 24 Zainak/Eusko Ikaskuntza.
- SANTAMERA, Juan A. *Introducción al planeamiento urbano*. Colegio de ingenieros de caminos, canales y puertos. Colección escuelas.
- DELGADO, Manuel. *El animal público*. Barcelona: Anagrama, colección argumentos, 1999.
- Estudio sobre el comercio tradicional de la ciudad de Vigo 2006*. Asociación de comerciantes de Vigo.
- Revista de la federación de comercio de Vigo*. FECOVI. Abril 2007.
- Explorador Comercial Mercurio: Cliente Misterioso*. Cámara de comercio de Vigo.
- <<Faro de Vigo>>:7 de agosto e 16 de decembro de 2006, e 8 de maio e 11,12 e 13 de xullo do 2007.
- <<Atlántico Diario>>: 11 de xullo do 2007.
- <<20 Minutos>>:26 de setembro de 2006.
- ESTEVEZ, Xerardo. *O peso da historia territorial e urbana*. [www.museopobogalego.es/pdf/XEFTPI/.pdf](http://www.museopobogalego.es/pdf/XEFTPI/.pdf)